



Galicia

Gabinete de Igualdade

GUÍA PARA O USO DA LINGUAXE NON SEXISTA NA ACCIÓN SINDICAL



XUNTA
DE GALICIA

GUÍA PARA O USO DA LINGUAXE NON SEXISTA NA ACCIÓN SINDICAL

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	7
POR QUE É TAN IMPORTANTE QUE FAGAMOS UN USO NON SEXISTA DA LINGUAXE?	9
O QUE NON SE NOMEA NON EXISTE	11
QUE PRETENDEMOS?	13
1. ALTERNATIVAS AO USO COMÚN DA LINGUA	17
1. Substantivos xenéricos e colectivos	19
2. Substituír unha palabra por construcións de varias palabras (perífrases e expresións compostas)	23
3. Designar as actividades, cargos, oficios, profesións, titulacións ou institucións en lugar das persoas que os desempeñan (construcións metonímicas e substantivos abstractos)	25
4. Omitir os determinantes e pronomes	26
5. Utilizar determinantes e pronomes sen marca de xénero	26
6. Eludir o suxeito (utilizando estruturas impersoais, principalmente substituíndo por “se”)	28
7. Formas persoais do verbo	28
8. Formas non persoais do verbo (infinitivos e xerundios)	29
9. Imperativos	29
10. Utilizar unha linguaxe directa	30
11. Formas pasivas	30
12. Realizar pequenos cambios na redacción dos textos	31
13. Nomear a mulleres e homes (desdobramentos)	31
14. Aposicións explicativas	32

15. Só utilizaremos a palabra “home” cando se refira ao sexo masculino	32
16. Utilización das barras	33
17. Arroba (@)	33
18. Non utilizar duais aparentes e vocábulos ocupados	34
19. Evitar as disimetrías nos discursos e as relacións de dependencia	34
20. Recomendacións para o deseño de formulario	35
2. CLÁUSULAS PARA FAVORECER O CAMBIO A TRAVÉS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA	37
Cláusulas a incluír na negociación colectiva	38
Conclusións sobre a situación actual da negociación colectiva en Galicia en materia de linguaxe sexista	42
3. DENOMINACIÓN DE CATEGORÍAS E GRUPOS PROFESIONAIS INCLUSIVOS	45
a) Alternativas para denominar os grupos e categorías profesionais	45
b) Conclusións sobre a situación actual da negociación colectiva galega	63
4. DICCIONARIO DE OFICIOS, CARGOS, PROFESIÓN E OUTRAS PALABRAS UTILIZADAS CON FRECUENCIA NO ÁMBITO LABORAL (MASCULINOS E FEMININOS)	65
5. A LINGUAXE EN IMAXES	93
6. GLOSARIO DE TERMOS	97
7. NORMATIVA DE REFERENCIA	103
8. BIBLIOGRAFÍA	107

GUÍA PARA O USO DA LINGUAXE NON SEXISTA NA ACCIÓN SINDICAL

INTRODUCCIÓN

O compromiso de UGT-Galicia coa consecución da igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes constitúe un dos seus principios fundamentais, e así está recollido nos nosos Estatutos:

Art 9.1. g. Defender a igualdade de oportunidades, especialmente entre os colectivos máis desfavorecidos (mulleres, xóvenes, persoas desempregadas maiores de 45 anos e de longa duración, etc.).

Pero a pesar da evolución da sociedade e do traballo realizado durante moitos anos, o certo é que a día de hoxe seguen a existir abundantes elementos que poñen de manifesto que a igualdade real entre mulleres e homes aínda non se acadou no ámbito laboral: a brecha salarial, a persistencia de estereotipos de xénero no que respecta ás capacidades de mulleres e homes, o teito de cristal, a escasa presenza feminina en certas profesións, a feminización dos sectores con peores condicións de traballo e/ou peor retribuídos, a dificultade para a conciliación da vida laboral e familiar (xa que as tarefas de coidados as seguen asumindo maioritariamente as mulleres) o acoso sexual e por razón de sexo, ou a violencia machista, entre outras.

Ante isto, para UGT-Galicia sensibilizar, informar, asesorar e formar á representación sindical, e ás traballadoras e traballadores en xeral sobre estas desigualdades e discriminacións constitúe unha prioridade, poñendo á súa disposición todas as ferramentas existentes coa única finalidade de conseguir que a situación cambie.

Con esta Guía queremos centrarnos nun dos instrumentos que temos á nosa disposición, A LINGUAXE, xa que é un dos elementos sobre os que podemos influír para contribuír á consecución da igualdade real entre mulleres e homes. Mediante a acción sindical traballamos, participamos e determinamos directamente as relacións laborais, polo que temos nas nosas mans a capacidade de cambiar as cousas.

POR QUE É TAN IMPORTANTE QUE FAGAMOS UN USO NON SEXISTA DA LINGUAXE?

Porque a linguaxe constrúe e transmite os valores e pensamentos dunha sociedade, e mentres non utilicemos unha linguaxe inclusiva, estaremos discriminando a máis da metade da poboación: as mulleres. “A linguaxe é machista porque a sociedade foi así; e a sociedade seguirá sendo machista mentres o sexa a linguaxe», Álvaro García Meseguer, profesor de Investigación do CSIC.

A lingua non é algo innato nin biolóxico, e polo tanto, depende de nós cambiar os valores e pensamentos a través da mesma. Non é que exista unha linguaxe sexista, senón que facemos un uso sexista da lingua. Se vivimos nunha sociedade na que existen manifestacións de machismo, de racismo, de homofobia, etc., esas manifestacións tamén se ven reflectidas na lingua, do mesmo xeito que noutro tipo de accións.

O galego ofrece múltiples posibilidades para describir a realidade de forma que non se exclúa ás mulleres e sen ir en contra das normas gramaticais.

É importante que sexamos conscientes de que a lingua, ademais de ser unha herdanza cultural, unha forma de representar a realidade ou un medio de comunicación, evoluciona; polo que tamén é unha opción persoal de representar o sentir e o pensar, polo que con esta guía pretendemos contribuír a que o noso pensar e o noso sentir, reflectan a igualdade entre as mulleres e os homes, tamén a través da linguaxe.

Outra cuestión que non podemos perder de vista ademais do uso sexista da lingua, é a existencia de sexismo social, que tamén temos que erradicar. No sexismo social a discriminación atópase no fondo da mensaxe (o que se di, por contra a como se di). Por exemplo se dicimos “Na empresa hai 10 encargados e 1 encargada”, non se aprecia sexismo lingüístico, pero pon de manifesto como as mulleres seguen tendo máis dificultades para optar a postos de responsabilidade. O mesmo acontece na frase “Conduces

como unha muller”, que lingüisticamente sería correcta pero pon de manifesto os estereotipos sociais que seguen a imperar na nosa sociedade.

A sociedade patriarcal outorgou o poder de decisión e autoridade aos homes, quedando as mulleres relegadas ao ámbito privado e impedindo a súa participación na vida pública (ocupándose das tarefas domésticas, reprodutivas e de coidados principalmente). Aos homes se lles nomea especificamente mentres que as mulleres son nomeadas baixo o masculino xenérico ou en función da súa relación cun varón. Un exemplo claro do mal uso da lingua é o tratamento incorrecto que se fai da violencia de xénero culpabilizando á vítima: “matouna por celos”, é un titular moi recorrido, argumentando motivos “provocados” pola muller.

O androcentrismo (visión do mundo que sitúa ao varón como centro de todas as cousas) e o sexismo (discriminación das persoas en función do seu sexo, xeralmente ao sexo feminino) exprésanse de moitas maneiras. Algunhas destas manifestacións son moi sutís e por tanto máis difíciles de identificar, e a linguaxe é unha delas. Ver e sentir a discriminación, tanto en dereitos como na linguaxe non é cuestión de sexo, senón de ter conciencia de xénero: cantas mulleres dicían non sentirse discriminadas cando polo feito de ser mulleres non tiñan dereito nin ao voto nin á educación?

“Cando uns valores culturais e ideolóxicos dominantes, neste caso sexistas e androcéntricos, preséntansenos como únicos, necesarios, neutrais, obxectivos e naturais vanse adquirindo de forma acrítica e inconsciente ata o punto de que se aceptan como “o correcto e normal”.¹

Ante isto o que queremos é presentar a linguaxe como un instrumento de cambio, como unha ferramenta para erradicar a desigualdade, a discriminación e invisibilización das mulleres na sociedade. Se a realidade cambiou, se a sociedade está a evolucionar cara á igualdade real, se queremos evidenciar e afianzar eses cambios tamén coa nosa linguaxe, non valen as tan recorridas frases de “sempre se dixo/fixo así”.

1

https://institutomujer.castillalamancha.es/sites/institutomujer.castillalamancha.es/files/publicaciones/descargas/guia_defenitiva_5-12-2018.pdf (páxina 9)

O QUE NON SE NOMEA NON EXISTE

Esta é unha idea que se repite constantemente nos estudos da sociolingüística e na que todas as persoas expertas están de acordo: nomear, poñerlle nome ás realidades, fai que “as vexamos”.

Temos que reflexionar sobre o uso que facemos da lingua, e temos tamén que facer un uso “consciente” da mesma, que implique o noso compromiso, o teu, cunha sociedade máis xusta, máis democrática e máis igualitaria para os homes e para as mulleres. Nomear ás mulleres vai supoñer a elaboración de mensaxes máis precisas que reflectan unha realidade máis equitativa.

Cando insistimos na necesidade de utilizar unha linguaxe non sexista, é común escoitar que “iso non é importante”, que “é unha bobada”, ou que hai outras cousas máis importantes sobre as que centrarse como as discriminacións salariais, o acoso sexual e por razón de sexo... Pero é que unha cousa non é incompatible coa outra, xa que non podemos esquecer que asumir a existencia de discriminacións a través da linguaxe, contribúe tamén á erradicación destas. É un instrumento igual de válido que outras actuacións, e polo tanto, non podemos descoidalo.

Hai que desterrar a idea de que debemos cambiar a nosa forma de comunicarnos por unha cuestión de moda ou de estética. O importante é que sexamos conscientes de que a linguaxe é a que interpreta, reproduce, crea e transforma a realidade, e aí debe sustentarse o noso compromiso: utilizaremos unha linguaxe inclusiva e libre de prexuízos (neste caso os de xénero) que perpetúan os modelos estereotipados de masculinidade e feminidade (“non sexas nenaza”, “conduces como unha muller”,...) para contribuír á consecución da igualdade.

Ilustraremos con dous exemplos cuestións que seguen acontecendo e sobre as que temos que reflexionar:

1. Todo o persoal contribuíu a mellorar os resultados da empresa, desde os directivos ata as limpadoras: esta é unha frase que poderíamos utilizar e/ou escoitar no noso día a día. Pero...é que non hai limpadores? Haberá directivas na empresa? As mulleres poderán optar a este cargo? E os homes ás tarefas de limpeza? Se o masculino inclúe a homes e mulleres e hai que usalo cando a referencia sexa conxunta por que se utiliza o termo “limpadora” que exclúe aos homes?

2. A Directora, que transmitiu un gran discurso, elixiu un sinxelo vestido de liño negro para o acto: se fora o Director falaríase do “bonito estampado da súa gravata?”, cres que se está tratando igual a noticia se quen dese o discurso fose un Director?

Resumindo, como consecuencia do mal uso que facemos da lingua, o que soe acontecer é que:

1. Invisibiliza ás mulleres. Simplemente elas non constan: “Os traballadores elixiron as súas vacacións” (cando eran 7 mulleres e 3 homes). Neste caso o masculino xenérico non permite ver ás persoas do sexo feminino que forman parte da realidade á que nos referimos.

2. Exclúe. Omítese aberta e deliberadamente: “A empresa enteira secundou a folga, quedando só as mulleres da limpeza realizando o seu traballo” (considérase ás mulleres da limpeza un grupo a parte, cando tamén forman parte da empresa).

3. Subordina. As mulleres aparecen en posición de suxeito pasivo (normalmente cando aparecen os nomes dun home e dunha muller xuntos, o del aparece primeiro).

4. Desvaloriza. Menciónanse e/ou trátase ás mulleres como inferiores ou como exemplo de inferioridade cando se trata dunha comparación². No mercado laboral o exemplo máis claro o temos na infravaloración do traballo dos sectores feminizados respecto aos masculinizados (ocupacións como as do sector servizos ou coidado a persoas maiores, amplamente feminizadas, están peor remuneradas).

2

SAU, VICTORIA.2001.Diccionario Ideológico Feminista, Volumen II.Barcelona: Icaria. Págs. 158 y 159

QUE PRETENDEMOS?

Temos que ser conscientes de que se ben o uso dunha linguaxe non sexista é fundamental en calquera ámbito e situación, especificamente no ámbito laboral é unha cuestión imprescindible xa que constitúe unha área na que as mulleres estiveron sempre en desvantaxe, sufrindo múltiples desigualdades e discriminacións con respecto aos homes, moitas das cales seguen existindo hoxe en día. É por isto que a regulación das relacións laborais (convenios colectivos, plans de igualdade, acordos de empresa,...) ou as ofertas de emprego, entre outras, teñen que deixar de excluír e/ou facer que as mulleres se sintan excluídas.

Outra das nosas obrigas no ámbito da acción sindical é a de desenvolver unha labor de sensibilización e concienciación entre o empresariado, transmitíndolles a necesidade de utilizar un sistema de comunicación incluínte, xa que contribuirá a³:

- Mostrar unha imaxe coherente co compromiso coa Igualdade de Oportunidades da empresa
- Visibilizar a presenza e participación das mulleres na empresa
- Sensibilizar en igualdade tanto na empresa como cara ao exterior
- Promover a reflexión servindo como modelo de expresión verbal e escrita
- Contribuír ao desenvolvemento da sociedade como parte da Responsabilidade Social

O obxectivo fundamental desta Guía é que constitúa unha ferramenta útil, práctica e áxil para contribuír á erradicación do uso dunha linguaxe sexista no ámbito da acción

3

“Guía práctica de comunicación incluínte”, Ministerio de Igualdade (http://www.igualdad-en-laempresa.es/recursos/herramientas/docs/Kit_03_Comunicacion_Incluyente.pdf)

sindical, co fin de que nos comuniquemos de forma incluínte, sen discriminacións, nin esquecementos. Queremos fomentar a eliminación do sexismo lingüístico e, á súa vez, que funcione como elemento de consulta ante as dúbidas que se poidan presentar no devandito proceso.

Non se trata de que sexamos redundantes na escritura e na fala, esa non é a nosa proposta, senón a de coñecer os recursos existentes e utilizar os máis adecuados en cada caso para non invisibilizar nin subordinar ás mulleres. Observemos o seguinte exemplo:

Ante esta frase	Os traballadores estranxeiros foron informados sobre os seus dereitos
Poderíamos escribir	Os traballadores e as traballadoras estranxeiros e estranxeiras foron informados e informadas sobre os seus dereitos
Pero máis correcto sería	O persoal con nacionalidade estranxeira foi informado sobre os seus dereitos

Que debemos ter sempre presente?

- Tolerancia cero ante os comentarios sexistas
- Non utilizar, e instar á non utilización da linguaxe só e exclusivamente en masculino, como presunto xenérico. Usar as distintas alternativas de forma que aseguremos a representación igualitaria de mulleres e homes.
- Ter en conta a presenza, a situación, o cargo e o papel das mulleres e os homes.
- Evitar estereotipos de xénero na linguaxe falada, escrita e visual.
- Visibilizar as achegas das mulleres equilibradamente, non como situacións ou casos excepcionais ou esporádicos.

- Destacar por igual os logros de mulleres e homes.
- Representar ás mulleres nas imaxes e linguaxe corporativa da empresa

A modo de exemplo, se queremos contribuír/vixiar que os sistemas de selección non discriminen por razón de sexo, deberemos coidar a linguaxe:

- Nas canles de recrutamento que se empreguen
- No contido dos medios de difusión da oferta
- Na redacción da oferta
- Na definición do posto de traballo que se oferta
- Nos requisitos necesarios para cubrir o posto
- Nos mecanismos empregados para acceder á empresa (entrevistas, psicotécnicos, formularios, probas...)

Múltiples son os nosos ámbitos de actuación: a participación institucional, a negociación colectiva (convenios colectivos, Plans de Igualdade, acordos de sectoriais ou de empresa,...), asembleas, redacción de escritos informativos, notas de prensa, roldas de prensa, interacción coas nosas compañeiras e compañeiros,... de aí a importancia de coidar a nosa forma de expresarnos, para que estea en consonancia e contribúa á consecución dos obxectivos da nosa organización, e polo tanto, dos nosos obxectivos.

Con este fin, a Guía está conformada por oito grandes apartados para dar resposta a diferentes necesidades que poidan xurdir no noso día a día, proporcionando alternativas reais ao uso que facemos da lingua:

1. Alternativas ao uso común da lingua

2. Cláusulas para favorecer o cambio a través da negociación colectiva

3. Denominación de categorías e grupos profesionais inclusivos

4. Dicionario de oficios, cargos, profesións e outras palabras utilizadas con frecuencia no ámbito laboral (mascullinos e femininos)

5. A lingua en imaxes

6. Glosario de termos

7. Normativa de referencia

8. Bibliografía

Polo tanto, cada vez que teñamos que realizar/analizar cada unha das seguintes accións que sinalamos a continuación, nos dirixiremos ao correspondente apartado da Guía para obter unha alternativa ao noso modo de expresarnos, que non sexa sexista:

- Cando se redacte calquera documento ou deseñe calquera ferramenta á que teñamos acceso ou na que participemos: recomendacións e ordes, cartas, correos electrónicos, tarxetas de presentación, ofertas de emprego e acceso á función pública, formularios e cuestionarios, páxinas web, redes sociais, taboleiros de anuncios, notas de prensa, comunicados, revistas e boletíns dixitais, circulares, anuncios, convocatorias, actas de reunións, protocolos, nóminas, contratos, folletos, calendarios, axendas, guías, informes, lemas de campañas, documentos informativos para o persoal...

- Nomeamento de actividades, grupos, cargos, postos, profesións e oficios
- Redacción de Convenios colectivos, Plans de igualdade ou calquera outro acordo
- Calquera documentación e/ou información escrita ou oral que transmitamos

1. ALTERNATIVAS AO USO COMÚN DA LINGUA

Como xa indicamos o uso sistemático do xénero gramatical masculino oculta a presenza das mulleres, e como o noso obxectivo é garantir que a comunicación que utilizamos cumpra co Principio de Igualdade entre mulleres e homes, a continuación presentamos unha serie de alternativas sinxelas e útiles á nosa forma habitual de expresarnos, e que está en consonancia co cumprimento deste principio.

Se temos dúbidas sobre se estamos a facer un uso sexista da lingua podemos empregar a “regra da inversión”: substituímos a palabra sobre a que dubidamos pola do seu xénero oposto (poñendo as mulleres no lugar dos homes e ao contrario), e se a frase non é correcta estaremos ante unha expresión sexista que debemos cambiar. Exemplo: Os traballadores percibirán dúas pagas extraordinarias cada ano (As traballadoras percibirán dúas pagas extraordinarias cada ano). Se a nosa intención é informar de que os traballadores e as traballadoras van percibir dúas pagas extraordinarias cada ano, ao substituír na primeira frase a palabra “traballadores” por “traballadoras”, vemos como non estamos transmitindo o que queremos, xa que na segunda frase entendemos que só as mulleres van cobrar as pagas extraordinarias, polo que a primeira expresión é sexista.

Múltiples son as reticencias á erradicación do uso do masculino como xenérico (mesmo desde a propia Real Academia Española), pero tamén é certo que poderíamos contra argumentar cada unha das cuestións nas que se basean, aínda que non é o obxecto desta Guía. A modo de exemplo, no que respecta ao uso das barras, por que están amplamente aceptadas cando aparece “e/ou”, “rúa/praza/avenida”, “a/s”, “o/s”, “NIF/CIF”, etc. pero non se acepta entón que nun formulario apareza “Estimado/a”, “D./Dna.”?

A lingua galega dispón de múltiples recursos para evitar o androcentrismo e o sexismo lingüísticos. Se nos afacemos a utilizar as alternativas que propoñemos faremos visibles as mulleres, evitaremos estereotipos asociados a mulleres e homes e transmitiremos as capacidades humanas sen atribuílas a un ou a outro sexo. O que pretendemos é que as coñezades e dominedes para poder empregar a mellor opción en función do contexto no que nos atopemos.

A continuación propoñemos diferentes expresións que nos ofrece a lingua, tendo claro que non todas estas alternativas son posibles en todos os contextos, xa que por exemplo, o substantivo “persoal” non pode substituír a “traballadores” en todas as situacións, como na frase “Asistirán á formación os dous traballadores de máis recente incorporación”. Trátase de optar pola máis adecuada, sen modificar o contido do que se quere transmitir e sen invisibilizar, excluír, subordinar nin desvalorizar nin a mulleres nin a homes.

Tendo en conta as alternativas existentes, o sentido común nos levará a empregar a máis axeitada a cada caso:

1. Substantivos xenéricos e colectivos
2. Substituír unha palabra por construcións de varias palabras (perífrases e expresións compostas)
3. Designar as actividades, cargos, oficios, profesións, titulacións ou institucións en lugar das persoas que os desempeñan (construcións metonímicas e substantivos abstractos)
4. Omitir os determinantes e pronomes
5. Utilizar determinantes e pronomes sen marca de xénero
6. Eludir o suxeito (utilizando estruturas impersonais, principalmente substituíndo por “se”)
7. Formas persoais do verbo
8. Formas non persoais do verbo (infinitivos e xerundios)
9. Imperativos
10. Utilizar unha linguaxe directa
11. Formas pasivas

12. Realizar pequenos cambios na redacción dos textos
13. Nomear a mulleres e homes (desdobramentos)
14. Aposicións explicativas
15. Só utilizaremos a palabra “home” cando se refira ao sexo masculino
16. Utilización das barras
17. Arroba (@)
18. Non utilizar duais aparentes e vocábulos ocupados
19. Evitar as disimetrías nos discursos e as relacións de dependencia
20. Recomendacións para o deseño de formularios

1. UTILIZAREMOS SUBSTANTIVOS XENÉRICOS E COLECTIVOS SEMPRE QUE SEXA POSIBLE, xa que os substantivos xenéricos refírense a persoas dun ou doutro sexo con independencia do seu xénero gramatical (persoa) e os colectivos designan en singular a un grupo de persoas (alumnado)

SUBSTITUIREMOS	POR
accionistas (os)	accionariado
actor	o reparto
admitido	admisión
adolescentes(os)	adolescencia
aficionados (os)	afección
alumno	alumnado a clase
amigo	amizade

anciáns	terceira idade vellez
avogado	bufete despacho
campesiños	campesiñado
candidato	candidatura
cidadán	ciudadanía poboación sociedade
clientes	clientela
competidores	competencia
consultor	consultoría
coordinador	coordinación
críticos	a crítica
decano	decanato
delegado	delegación
delegado sindical	representación sindical
deportistas (os)	equipo
dereitos do home	dereitos do ser humano dereitos das persoas
descendentes (os)	descendencia
director xeneral	dirección xeneral
dirixentes (os)	clase dirixente
elector	electorado
empadroadado	empadroadamento
empresario	empresariado a empresa patronal
espectador	público

estudiantes (os)	estudiantado
familiares	familia
famosos	famoseo
fillo	descendencia
funcionario	funcionariado función pública
habitantes (os)	poboación
homes	persoas seres humanos humanidade xente público xénero humano poboación especie humana
inmigrantes (os)	inmigración
lectores	público lector lectorado
membros (os)	a comisión a entidade a asociación a agrupación a asemblea o equipo o colectivo (nome do organismo)
mestre	profesorado
ministros	executivo ministerio
monitor	monitorado
mozo	mocidade
músico	banda orquestra

nenos	infancia crianza nenez descendencia menor
notario	notariado
oíntes (os)	audiencia
pais (os)	ascendentes ascendencia
policía (os)	corpo de policía
profesor	profesorado
profesores e alumnos	comunidade escolar
receptor	recepción
representantes (os)	representación
secretario	secretariado
socio	asociación
soldado	exército tropa
traballadores	persoal equipo humano man de obra
tripulantes(os)	tripulación
turista (os)	turismo
veciño	veciñanza
voluntario	voluntariado
xestor	a xestión
xogador	equipo

Outros: colectividade, comunidade, corpo, equipo, grupo, ...

2. SUBSTITUIR UNHA PALABRA POR CONSTRUCCIÓN DE VARIAS PALABRAS (perífrases e expresións compostas): na maioría dos casos isto é posible antepoñendo os termos “persoa” ou “persoal”, e noutros antepoñendo “equipo”, “parte”, “xente”, “poboación” ou “quen” aos substantivos, adxectivos ou participios pasados correspondentes (insistimos en que non sempre se poden utilizar todas as opcións, pero si a maioría).

SUBSTITUIREMOS	POR
administrativo	persoa administrativa persoal administrativo equipo administrativo parte administrativa quen administra
asalariado	persoa asalariada persoal asalariado xente asalariada poboación asalariada quen percibe un salario
consumidor	persoa consumidora persoal consumidor parte consumidora xente consumidora poboación consumidora quen consume
contratados	persoal contratado persoas contratadas equipo contratado xente contratada poboación contratada
desempregado	persoa desempregada persoal en situación de desemprego xente desempregada poboación desempregada quen está en desemprego
directivo	persoa directiva persoal directivo/de dirección equipo directivo parte directiva quen dirixe

emprendedores	persoas emprendedoras equipo emprendedor xente emprendedora poboación emprendedora quen emprende
formador	persoa formadora persoal formador/de formación equipo formativo/de formación xente formadora/de formación quen forma
interesados	persoas interesadas persoal interesado parte interesada xente interesada poboación interesada quen ten interese
organizador	persoa organizadora persoal organizador/de organización equipo organizador/de organización parte organizadora quen organiza
profesores	persoas docentes persoal docente equipo docente poboación docente
técnico	persoa técnica persoal técnico equipo técnico parte técnica xente técnica
traballador	persoa traballadora o persoal equipo de traballo parte traballadora xente traballadora poboación traballadora quen traballa

3. DESIGNAR AS ACTIVIDADES, CARGOS, OFICIOS, PROFESIÓN, TITULACIÓN OU INSTITUCIÓN EN LUGAR DAS PERSOAS QUE OS DESEMPEÑAN E/OU OCUPAN (construcións metonímicas e substantivos abstractos):

SUBSTITUIREMOS	POR
alcalde	alcaldía
asesor	asesoría
autor	autoría
avogado	avogacía
conselleiro	consellería
conserxe	conserxería
coordinador	coordinación
delegado	delegación
directivo	dirección
director	dirección
enfermeiros	enfermería
enseñeiro	enseñería
interventor	a intervención
lexislador	lexislación
notario	notaría
presidente	presidencia
produtores	a produción
provedor	provedoría
redactor	redacción
reitor	reitorado
secretario	secretaría
subdirector	subdirección
tesoureiro	tesourería
titor	titoría
vicepresidente	vicepresidencia
vogal	vogalía
xefe	xefatura
xerente	xerencia
xuíces	xudicatura

4. PODEMOS OMITIR OS DETERMINANTES E PRONOMES:

SUBSTITUIREMOS:	POR:
Eles non solicitaron as vacacións	Non solicitaron as vacacións
Os representantes sindicais sometérono a votación	Representantes sindicais sometérono a votación
Eses estudantes están reclamando os seus dereitos	Estudantes están reclamando os seus dereitos

5. OU UTILIZAR DETERMINANTES E PRONOMES SEN MARCA DE XÉNERO:

SUBSTITUIREMOS:	POR:
Á reunión teñen que asistir todos os integrantes do comité	Á reunión ten que asistir <u>cada</u> integrante do comité
Os que queiran poden solicitar as vacacións	<u>Quenquera</u> pode solicitar as vacacións
Algún pode cambiar a quenda?	<u>Alguén</u> pode cambiar a quenda?
Ningún conseguiu os obxectivos marcados	<u>Ninguén</u> conseguiu os obxectivos marcados
Aqueles que queiran participar	<u>Calquera</u> que queira participar

Podemos ter como referencia as seguintes posibilidades:

Determinantes e pronomes

Alternativas

algún	alguén algunha persoa quen bastantes
ambos	ambas partes
aquel que	quen quenquera que a persoa que

aqueles	quenquera tales quen
cada un	cada cal cada quen
cantos	canta xente cantas persoas
demais (os)	as demais persoas o resto da xente o resto das persoas outras persoas a xente
moitos	moita xente moitas persoas multitude de infinidade de gran cantidade de un gran número de unha gran parte de un bo número de
ningún	ninguén ningunha persoa
o cal	quen que
o que	quen que a persoa que quenquera que
os (artigo)	cada calquera
para todos	para todo o mundo para quen sexa
poucos	unha minoría poucas persoas
si mesmos	cada cal cada quen
todos	todo o mundo toda a xente a totalidade todas as persoas

varios

un grupo de
un conxunto de
gran variedade de
unha variedade de
bastantes
suficientes

6. MOI ÚTIL PODE SER ELUDIR O SUXEITO (utilizando estruturas impersonais, principalmente substituíndo por “se”):

SUBSTITUIREMOS:

POR:

Cando **o traballador** entre na empresa
deberá fichar

Cando se entra na empresa deberase
fichar

O empresario tramitará as altas

Tramitaranse as altas

Para entrar nas cámaras de frío **todos os**
traballadores teñen que utilizar as luvas

Para entrar nas cámaras de frío utiliza-
ranse as luvas

Para optar ao posto **o interesado** enviará
a solicitude

Para optar ao posto enviarase a solici-
tude

Os traballadores interesados en solicitar
unha redución de xornada cumprimen-
tarán o modelo establecido

Para solicitaren unha redución de xor-
nada cumprimentarán o modelo esta-
blecido

O solicitante deberá cumprimentar o im-
preso con letra clara

Deberase cumprimentar o impreso con
letra clara

7. PODEMOS UTILIZAR FORMAS PERSOAIS DO VERBO: empregando o verbo na primeira persoa de plural, na segunda persoa do singular e na terceira persoa do singular ou do plural, podemos omitir a referencia directa ao sexo do suxeito.

SUBSTITUIREMOS:	POR:
Os traballadores poden aparcarse na zona habilitada	Poden aparcarse na zona habilitada
O empregado velará pola correcta utilización dos EPIs	Terá que velar pola correcta utilización dos EPIs
Os interesados deben enviar a solicitude ao departamento de RRHH	Se che interesa debes enviar a solicitude ao departamento de RRHH

8. OU FORMAS NON PERSOAIS DO VERBO, utilizando infinitivos e xerundios

SUBSTITUIREMOS:	POR:
É prioritario que os traballadores alcancen os obxectivos establecidos	É prioritario <u>alcanzar</u> os obxectivos establecidos
Os que cumbran cos horarios obterán un plus do 1%	<u>Cumprindo</u> cos horarios obtense un plus do 1%

9. PODEMOS UTILIZAR TAMÉN IMPERATIVOS

SUBSTITUIREMOS:	POR:
O candidato debe enviar o CV ao departamento de administración	<u>Envíe</u> o CV ao departamento de administración
Os usuarios deben deixar as dependencias limpas	<u>Deixen</u> as dependencias limpas
Os traballadores teñen que facer a correspondente solicitude	<u>Fagan</u> a correspondente solicitude

10. ÁS VECES O MÁIS SINXELO É UTILIZAR UNHA LINGUAXE DIRECTA

SUBSTITUIREMOS:	POR:
Necesitamos operarios para construción de edificios	Na área de construción de edificios necesitamos. Queres traballar na construción de edificios?
Buscamos voluntarios para repartir os excedentes de comida nos comedores sociais	Axúdanos a repartir os excedentes de comida nos comedores sociais
Que opinan os nosos compañeiros?	Que opinades?
Queres formar parte dos nosos afiliados?	Únete á nosa afiliación

11. UTILIZANDO A FORMA PASIVA: en vez de facer a construción “suxeito - verbo - obxecto”, a cambiaremos por “obxecto - verbo + participio”

SUBSTITUIREMOS:	POR:
O candidato debe enviar a solicitude	A solicitude debe ser enviada
Os traballadores votaron as candidaturas	As candidaturas foron votadas
Os técnicos investigaron as causas do accidente	As causas do accidente foron investigadas

12. REALIZANDO PEQUENOS CAMBIOS NA REDACCIÓN DOS TEXTOS PODEMOS EXPRESAR O MESMO, PERO SEN INVISIBILIZAR A PRESENZA DAS MULLERES

SUBSTITUIREMOS:	POR:
Os nosos traballadores están moi cualificados	A alta cualificación é un dos distintivos da nosa empresa A nosa empresa posúe unha alta cualificación
Os candidatos a presidente e secretario foron María Gómez e Juan Rodríguez	María Gómez e Juan Rodríguez presentaron a súa candidatura á presidencia e secretaría
Non se asinará o documento se alguén resulta prexudicado	Non se asinará o documento se derivase en prexuízo para alguén
Para acceder á empresa hai que estar debidamente acreditado	Para acceder á empresa hai que presentar a correspondente acreditación

13. NOMEAR A MULLERES E HOMES (desdobramentos). É certo que usados en exceso recargan a expresión ou poden dificultar a lectura, pero ante a falta doutros recursos aplicables isto é o recomendable. Teremos en conta tamén a alternancia na orde do seu uso (non nomearemos sempre primeiro aos homes e despois ás mulleres).

SUBSTITUIREMOS:	POR:
Os delegados de prevención reclamaron os EPIs necesarios	As delegadas e delegados de prevención reclamaron os EPIs necesarios
Chegado a un acordo, os negociadores asinaron as actas	Chegado a un acordo, as negociadoras e negociadores asinaron as actas
O convenio é aplicable aos condutores	O convenio é aplicable aos condutores e condutoras

Cando facemos desdobramentos tamén temos que ter en conta as palabras que acompañan aos substantivos. É aconsellable evitar a dobre concordancia de xénero en artigos, substantivos e adxectivos, resultando máis práctico incluír un único adxectivo que concorde co substantivo máis próximo (concordancia de proximidade).

Dobre concordancia **Os traballadores expostos e as traballadoras expostas deberán utilizar os EPIs adecuados.**

Concordancia de proximidade **Os traballadores e as traballadoras expostas deberán utilizar os EPIs adecuados**

Tamén debemos ter en conta que:

- Se o substantivo ou adxectivo son invariables non podemos suprimir o artigo porque é o que marca a diferenza do xénero no desdobramento: as votantes e os votantes.

- Pero é aconsellable suprimir un dos artigos cando os substantivos ou adxectivos son variables en xénero: as traballadoras e traballadores.

14. SE NON PODEMOS SUBSTITUÍR O MASCULINO XENÉRICO, PODEMOS INTRODUCIR APOSICIÓN EXPLICATIVAS:

SUBSTITUIREMOS:	POR:
Os afectados serán indemnizados	Os afectados, tanto mulleres como homes , serán indemnizados
Proporcionarase aos operarios os EPIs adecuados	Proporcionarase aos operarios, dun e outro sexo , os EPIs adecuados

15. SÓ UTILIZAREMOS A PALABRA “HOME” CANDO SE REFIRA AO SEXO MASCULINO (cando poida substituírse polo termo varón)



No resto dos casos, cando empreguemos a palabra “home” de forma xenérica substituíremola por: ser humano, humanidade, persoa, xente, xénero humano, poboación, especie humana, mulleres e homes... en función do contexto que teñamos.

SUBSTITUIREMOS:

POR:

O traballo do **home** é o principal capital das empresas

O traballo das persoas é o principal capital das empresas

16. PODEMOS UTILIZAR AS BARRAS, PERO SÓ EN DETERMINADOS CONTEXTOS E SE NON DISPOÑEMOS DOUTROS RECURSOS: pode ser válido en documentos como formularios, fichas de inscrición, impresos de solicitude... cando non se coñece o sexo das persoas ás que está destinado, pero non é recomendable noutro tipo de textos porque resultan difíciles de ler. É importante alternar a orde masculino-feminino, de forma que non sempre se antepoña o masculino.

No seguinte cadro podemos ver formas nas que podería proceder o uso das barras, pero tamén fórmulas alternativas para evitar a súa utilización:

SUBSTITUIREMOS:	POR	
Don	Dna./D.	Nome e apelidos
O fillo	Filla/o	A descendencia
O candidato	Candidata/o	Candidatura
O representante	A/o representante	A persoa representante
O alcalde	A/o alcaldesa/alcalde	A alcaldía
O presidente	A/o presidenta/e	A presidencia

17. ARROBA (@): non é un signo lingüístico, polo que non é recomendable o seu uso, ademais de que non soluciona o problema na fala.

18. NON UTILIZAREMOS PALABRAS QUE SIGNIFICAN COUSAS DIFERENTES SEGUNDO SE REFIRAN A MULLERES OU HOMES (duais aparentes e vocábulos ocupados) Casualmente teñen case sempre un significado pexorativo para as mulleres (definicións do Dicionario da Real Academia Galega):

	Como substantivo	Como substantivo feminino
Gobernante e Gobernanta	Persoa que ten a dirección política dun estado ou Persoa que lle gusta mandar e dirixir	Muller que nun hotel ou establecemento similar é a encargada do servizo de limpeza e de conservación
Señorito e Señorita	Tratamento aplicado a unha persoa nova polos seus servidores	Tratamento co que se designan as mulleres solteiras
Lagarto e Lagarta	Réptil da familia dos lacértidos, do que existen varias especies, que presenta cores entre o marrón e o verde	Muller maliciosa
Fulano e Fulana	Persoa da que non se coñece o nome ou non se quere mencionar	Prostituta
Secretario e Secretaria	Se nos fixamos nos exemplos que recolle o Dicionario, Secretario segue designando a un alto cargo (Secretario de Estado, Secretario Xeral)	e Secretaria, en cambio, como a persoa que nunha oficina realiza traballos auxiliares

19. EVITAREMOS AS DISIMETRÍAS NOS DISCURSOS para que a condición sexuada das mulleres non se converta na súa principal identidade, substituíndo ao seu status social ou profesional.

SUBSTITUIREMOS:

POR:

Convocouse unha xornada para **mulleres empresarias**

As **mulleres** integrantes do Comité solicitaron a realización da avaliación de riscos

Á cea de empresa asistiron os membros do consello de administración e **as súas mulleres**

Convocouse unha xornada para empresarias

As integrantes do Comité solicitaron a realización da avaliación de riscos

Á cea de empresa asistiu o consello de administración e as súas parellas

E AS RELACIÓNS DE DEPENDENCIA:

- **non reflectiremos de forma asimétrica o estado civil segundo falemos dunha muller ou dun home:** “A señorita García e o Señor Martínez superaron o proceso selectivo” (aos homes non se lles chama “señoritos” segundo estean casados ou solteiros). Proposta de cambio: empregaremos señora ou prescindiremos do tratamento se é posible.

- **empregar nos mesmos termos os nomes e apelidos de mulleres e homes, non designar aos homes polo seu apelido e ás mulleres polo seu nome:** “Rodríguez, secretario do Comité, e María presidenta”. Proposta de cambio: nomearemos tanto a homes como a mulleres polos seus nomes, polos seus apelidos ou polo nome e apelido, pero sempre da mesma forma para uns e outras.

- **non facer alusión ao estado civil das mulleres en contextos nos que non ten relevancia:** “Pasou a formar parte do consello de administración Verónica Pérez, a muller de Valeriano García”. Proposta de cambio: non faremos referencia ás relacións de parentesco ou outras que denoten dependencia se non son relevantes na mensaxe.

20. RECOMENDACIÓNS PARA O DESEÑO DE FORMULARIOS: Temos que intentar eludir os participios e adxectivos en xénero masculino e coidar as fórmulas de tratamento, xa que poden ser cumprimentados tanto por mulleres como por homes.

- **Se existe a posibilidade utilizaremos termos que engloben a ambos os sexos**

Substituiremos

Por

Nacido

Natural de
Lugar de nacemento

Nacionais estranxeiros con residencia en España

Persoas con nacionalidade estranxeira con residencia en España

Sinatura do traballador

Sinatura
Sinatura da persoa traballadora

Domiciliado en

Enderezo
Con domicilio en

Destinatario

Persoa destinataria
Para

Interesado

A persoa interesada
Nome e apelidos

Nivel de estudos: Licenciado – Diplomado

Nivel de estudos: Licenciatura - Diplomatura

O asinante

Asinado

- Senón, utilizaremos as barras:

Don/Dona D./D^a.

Doutora/Doutor Dra./Dr.

Señora/Señor Sra ou S^a/Sr.

Licenciada/Licenciado Lda./Ldo.

2. CLÁUSULAS PARA FAVORECER O CAMBIO A TRAVÉS DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

A negociación colectiva regula as relacións laborais polo que determina directamente as condicións de traballo de mulleres e homes. Polo tanto, cando negociamos un convenio colectivo, Plan de Igualdade ou calquera outro acordo, temos que ter sempre presente dúas cuestións fundamentais:

- teñen que recoñecer a presenza, e regular tamén os dereitos e os deberes das mulleres, sen ningún tipo de discriminación
- temos que prestar unha especial atención á súa redacción, xa que a forma na que incluimos unha palabra ou frase pode cambiar as condicións laborais das persoas ás que se dirixe (cuestión na que tamén inflúe a utilización dunha linguaxe sexista)

Aínda que é certo que entre as cuestións relacionadas coa consecución da igualdade entre mulleres e homes o intento de empregar unha linguaxe inclusiva na negociación colectiva é un dos aspectos que máis se observan, tamén o é que na maioría dos casos ou non se consegue, ou se seguen repetindo patróns dunha mala utilización da mesma.

A pesar de que ás veces recóllese no texto o compromiso de non utilizar unha linguaxe sexista moitos son os casos nos que se segue constatando:

- Que todas as categorías profesionais están exclusivamente en masculino (moitas veces a pesar de ser empresas amplamente feminizadas)
- Ou estando todas as categorías en masculino, aparecen certas categorías exclusivamente en feminino. Na maior parte dos casos isto acontece nas categorías con maior presenza de mulleres como “cociñeira”, “secretaria” ou “limpadora”. Tamén se observan convenios nos que se utiliza o masculino para os postos de

maior prestixio e o feminino para os xerarquicamente inferiores (director, secretaria de dirección).

- O emprego exclusivo do feminino naqueles artigos que “parece que afectan máis ás mulleres” como pode ser a regulación dos permisos e licenzas, o que perpetúa os roles e estereotipos de xénero que temos que erradicar. Só se poden utilizar termos unicamente en masculino cando se dirixan exclusivamente aos homes (como as probas para a detección do cancro de próstata no marco da prevención de riscos) e en feminino cando se dirixan unicamente ás mulleres (as relacionadas coa violencia de xénero, co embarazo...).

Outras veces o que nos atopamos é un incumprimento da normativa en materia de igualdade, coa inclusión do que se coñecen como cláusulas **“neutro”** que rexeitamos utilizar. **Algúns exemplos, e que insistimos, NON SE PODEN EMPREGAR:**

“O uso do termo traballador faise de forma xenérica, facendo referencia con el indistintamente tanto a homes como a mulleres”

“Todas as referencias no texto do convenio a «traballador», «director», «técnico», «xefe», «operador», «secretaria» e similares (así como os seus plurais), entenderanse efectuadas en termos neutros, incluíndo indistintamente ás persoas, home ou muller, que traballan na empresa comprendida no ámbito persoal do presente convenio”

“No texto do convenio utilizouse en ocasións o masculino como xenérico para englobar aos traballadores e traballadoras, sen que isto supoña ignorancia das diferenzas de xénero existentes ou discriminación de ningún tipo”

CLÁUSULAS A INCLUÍR NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Recomendamos incluír sempre cláusulas que manifesten o uso da linguaxe non sexista (individualmente ou que engloben as seguintes cuestións):

- na totalidade da redacción do documento (convenio, plan de igualdade,...).

- nas ofertas de emprego e promocións internas.
- en todas as comunicacións (internas e externas) que realice a empresa.
- formación: tanto que se imparta e materia de igualdade como en calquera outra que se oferte.

A continuación facilitamos exemplos de cláusulas a utilizar na negociación colectiva que contribuirán á consecución da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes no ámbito laboral⁴:

- A incluír na acta de constitución da comisión negociadora do convenio colectivo, Plan de Igualdade ou calquera outra que exista na empresa: O convenio colectivo/plan de igualdade /outros, así como calquera documento, comunicación interna ou externa que se realice no seo da mesma, redactaranse empregando unha linguaxe non sexista.

- Comunicación, linguaxe e imaxe: Consideramos a comunicación como unha ferramenta fundamental para dar a coñecer os valores, obxectivos e políticas da Empresa en materia de igualdade. Por iso promovemos e garantimos o uso non sexista da linguaxe e a imaxe nas comunicacións e publicidade tanto interna coma externa, para cumprir co principio de igualdade de trato e oportunidades na nosa Compañía.

- Medios de comunicación internos e externos: A empresa revisará e eliminará a linguaxe, as imaxes e calquera outras expresións sexistas baseadas nos roles e estereotipos de xénero, histórica e socialmente atribuídos a un ou outro sexo, en todos os medios de comunicación internos e externos da empresa.

- Comunicación interna e externa na empresa: Utilizarase sempre unha linguaxe, imaxes, textos e contidos non sexistas nas comunicacións internas e externas da empresa, tales como taboleiros, mensaxes coas nóminas, páxina web, redes sociais, etc., de acordo coa normativa en materia de Igualdade.

4

Maioritariamente foron recollidas da “Guía de boas prácticas en materia de igualdade para a negociación colectiva” elaborada no seo da Comisión Consultiva Autonómica para a igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva do Consello Galego de Relacións Laborais

- **Procesos de selección:** A empresa revisará os documentos utilizados nos procesos de selección, para asegurar a súa obxectividade eliminando calquera termo ou imaxe sexista na definición dos postos de traballo e excluindo calquera cuestión nas solicitudes de emprego que afecte á persoa sen incidencia nas aptitudes e competencias para o posto.

- **Documentación do proceso de selección:** Diseñárase un manual cos criterios e contidos a empregar en cada unha das fases dos procesos de selección (como análise de currículos, probas, entrevistas, documentación empregada, anuncios...) libres de calquera sesgo de xénero, que tamén serán trasladados e respectados polas posibles empresas colaboradoras/intermediarias nestes procesos.

- **Ofertas de emprego:** As ofertas de emprego redactaranse de xeito que non conteñan mención algunha que induza a pensar que as mesmas se dirixen exclusivamente a persoas dun ou outro sexo.

- **Ofertas de emprego:** Elimínase calquera redacción que conteña linguaxe sexista, o que se concretará en:

- as ofertas de emprego que publique a empresa (sexan internas ou a través de medios externos) redactaranse cunha linguaxe inclusiva.

- evítanse nos impresos de solicitude e nas entrevistas de selección calquera pregunta de contido sexista.

- utilizarse unha denominación neutra na definición e descrición dos postos de traballo.

- **Ofertas de emprego:** Basearanse en información axustada ás características obxectivas do posto e esixencias e condicións do mesmo, utilizando canles que posibiliten que a información chegue por igual a homes e mulleres, e non se utilizará linguaxe sexista.

- **Formación:** Formárase ao persoal encargado dos medios de comunicación e difusión das actividades da empresa, así como ás persoas responsables dos procesos de selección en materia de igualdade e utilización non sexista da linguaxe.

- Artigo para englobar diferentes aspectos relacionados co uso dunha linguaxe non sexista: A empresa comprométese a:

1. Utilizar unha linguaxe non sexista nin discriminatoria na documentación que se utiliza durante o proceso de procura de persoas candidatas: ofertas de emprego, anuncios, internet, entrevistas, etc., eliminando cuestións relativas ao sexo, estado civil, número de fillos/as, etc.
2. Aplicar unha linguaxe non sexista e incluínte na documentación relacionada coa saúde laboral, organigramas, fichas de postos de traballo, letreiros... e calquera documento que se redacte.
3. Revisar e corrixir a linguaxe e as imaxes que se utilizan nas comunicacións internas e externas para que non sexan sexistas.
4. Establecemento dun decálogo básico en materia de comunicación, que inclúa a perspectiva de xénero.
5. Formar ao persoal encargado dos medios de comunicación e procesos de selección da empresa en materia de igualdade e utilización non sexista da linguaxe.
6. Revisar desde a perspectiva de xénero os contidos e materiais que se imparten nos cursos de formación (de calquera ámbito e en calquera formato) para que non conteñan estereotipos nin connotacións de xénero na linguaxe ou nas imaxes.
7. Realizar accións de sensibilización para todo o persoal sobre a utilización dunha linguaxe e imaxe non sexistas.

Importante é tamén establecer indicadores cuantitativos e cualitativos que no proceso de seguimento e avaliación dos convenios e plans de igualdade nos permitan comprobar si se están acadando os obxectivos establecidos (establecendo ademais os prazos adecuados de medición).

CONCLUSIÓNS SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA EN GALICIA EN MATERIA DE LINGUAXE SEXISTA

Desde a Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre mulleres e homes na negociación colectiva (CCAINC), integrada no Consello Galego de Relacións Laborais, encargamos a realización dun estudo sobre o “Principio de Igualdade na Negociación Colectiva” que foi presentado á Comisión en decembro de 2018.

A continuación expoñemos as súas principais conclusións co obxectivo de que coñezamos a situación e reflexionemos sobre a mesma, xa que está nas nosas mans a posibilidade de cambiala.

Para a análise tiveron en conta táboas comparativas sobre convenios colectivos elaboradas pola CCAINC, referidas aos anos 2014 a 2017, e que comprendían todos os convenios sectoriais (autonómicos e provinciais) e de empresa (tamén autonómicos e provinciais) da Comunidade Autónoma de Galicia. Debido á amplitude da mostra seleccionaron 131 convenios, tendo en conta diversos criterios que aseguraran a maior diversidade posible.

No apartado 3 “Cláusulas xerais sobre linguaxe non sexista” recollen que resultaría especialmente necesaria a súa utilización en tres aspectos concretos:

- cando se define o ámbito de aplicación persoal do convenio colectivo, en especial se se trata dunha empresa ou dun sector fortemente masculinizado, pois o desdobramento de xénero actuaría como aliciente para a incorporación de mulleres.
- cando se denominan as categorías ou grupos profesionais coa finalidade de erradicar os estereotipos de xénero que se atopan na base da segregación vertical e horizontal do traballo das mulleres fronte ao traballo dos homes.
- cando se recoñecen dereitos cuxa titularidade indistinta, atendendo aos estereotipos de xénero, convén subliñar, ou se quere fomentar o seu exercicio indistinto, como é o caso dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

A maiores sinalan que para poñer de manifesto o noso compromiso como persoas negociadoras, deberíamos utilizala sempre, máis alá do contexto no que nos atopemos.

No estudo conclúen que o desdoblamento de xénero na redacción dos convenios colectivos atópase moi estendido, tanto na negociación colectiva estatal como en concreto na mostra analizada, pero que tamén están moi estendidas as denominadas cláusulas de xénero neutro segundo as cales as persoas negociadoras declaran que, aínda que na redacción do convenio colectivo utilizouse o masculino, iso non significa que as mulleres estean excluídas, pois se trata de masculino xenérico ou neutro.

Tamén constatan como seguen aparecendo convenios con utilización sexista da linguaxe, e que propoñen modificar cando teñan que ser renegociados, apuntando as seguintes consideracións:

1º. Mentres todas as demais categorías profesionais recollidas no convenio colectivo denomínanse en masculino, utilízase o feminino para categorías profesionais tradicionalmente segregadas, como cociñeira, secretaria e secretaria de dirección, ou taquimecanógrafa e taquimecanógrafa tradutora, ou telefonista e limpadora, transmitindo a idea de que a empresa apoia esa tradicional segregación.

2º. A utilización (o que acaece en particular en unidades de negociación marcadamente masculinizadas) do feminino para referirse á cónxuxe do traballador, presupoñendo sexa este sempre e necesariamente un home, como ocorre cando se concede un permiso por “enfermidade grave de esposa”, pero nada se di do esposo.

3º. O establecemento dunha retribución superior do permiso por falecemento do cónxuxe se quen faleceu é a esposa, sen referirse ao esposo, ou o recoñecemento dunha mellora ás viúvas de traballadores, sen referirse aos viúvos.

4º. Unha machacona insistencia no xénero masculino en contextos de unidades negociais masculinizadas, sen que de ningunha norma do convenio colectivo pódase deducir que as mulleres poden ser traballadoras no seu ámbito de aplicación persoal pois nin contén unha cláusula antidiscriminatoria xeral, nin se alude á maternidade.

No que se refire ás cláusulas dirixidas á utilización de linguaxe non sexista nas relacións laborais consideran que son sumamente importantes, e en especial cando a utilización do masculino xenérico non permite entender claramente incluídas ás mulleres, e que

si que están especialmente presentes en dous concretos contextos negociais: nos convenios colectivos de ámbito público e nos Plans de Igualdade.

Poñen de manifesto que á vista da legalidade vixente a nivel internacional e interno, tanto a nivel estatal como a nivel galego, os convenios colectivos atópanse obrigados a asumir a linguaxe non sexista e a tentar erradicala.

Consideran que hai dúas clases de cláusulas relacionadas con esta cuestión: as que buscan a asunción da linguaxe non sexista na redacción do convenio colectivo e as que buscan erradicala no ámbito laboral, e ambas cuestións son da nosa responsabilidade.

As persoas que levan a cabo a negociación colectiva galega, especialmente a nivel de sector autonómico e nas grandes empresas, utilizan cada vez máis frecuentemente os xenéricos neutros ou a enunciación expresa de ambos os sexos, aínda que tamén a estes niveis constatan como se seguen empregando as cláusulas de xénero neutro ás que facíamos referencia con anterioridade. Manifestan tamén que cando se baixa a sectores provinciais ou a pequenas ou medianas empresas, é cando o uso da linguaxe resulta menos coidada, observando a utilización xeral do xénero masculino con absoluto esquecemento do xénero feminino, o mantemento de categorías profesionais en feminino, ou a utilización do xénero presupoñendo que vai a ser un home o destinatario da norma convencional.

3. DENOMINACIÓN DE CATEGORÍAS E GRUPOS PROFESIONAIS INCLUSIVOS

A denominación dos grupos e categorías profesionais exclusivamente en masculino segue a ser unha das malas prácticas máis habituais como xa vimos. Outra das cuestións máis comúns é redactar todas as categorías en masculino e incluír en feminino aquelas ocupacións que “tradicionalmente” foron ocupadas por mulleres: cociñeira, secretaria, limpadora... Polo que neste apartado da Guía queremos:

a) Facilitar exemplos de diferentes alternativas para denominar os grupos e categorías (poñendo en práctica o visto no apartado 1 da Guía)

b) Expoñer as principais conclusións sobre a situación actual da negociación colectiva galega na utilización dunha linguaxe sexista na denominación de grupos e categorías profesionais

a) En primeiro lugar queremos sinalar que se por cuestións de espazo recoller as formas feminina e masculina dun grupo ou categoría profesional non é operativo, podemos utilizar as barras, pero tendo en conta que outras alternativas máis adecuadas como empregar substantivos xenéricos e colectivos ou antepoñer as palabras “persoal”, “equipo”, “departamento de”... serán opcións moi útiles en moitos casos. É conveniente repasar o apartado 1 da Guía para utilizar a forma máis axeitada.

Xa unha Orde do 22 de marzo de 1995 (BOE 28/3/95) do Ministerio de Educación e Ciencia adecuou a denominación dos títulos académicos oficiais á condición masculina ou feminina de quen os obtén, recoñecendo que a importancia que ten a linguaxe na formación da identidade social das persoas e nas súas actitudes, motivaba a necesidade de expor a diferenciación do uso do masculino ou feminino na designación das múltiples profesións e actividades para as que viña empregando tradicionalmente o masculino.

1. Títulos previstos na Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo

Graduado en Educación Secundaria/Graduada en Educación Secundaria

Técnico/ Técnica

Técnico Superior/Técnica Superior

2. Títulos universitarios

Diplomado/ Diplomada

Enxeñeiro Técnico/Enxeñeira Técnica

Arquitecto Técnico/Arquitecta Técnica

Graduado Social Diplomado/Graduada Social Diplomada

Mestre/ Mestra

Licenciado/ Licenciada

Enxeñeiro/ Enxeñeira

Arquitecto/ Arquitecta

Doutor/ Doutora

Doutor Enxeñeiro/Doutora Enxeñeira

3. Títulos posgraos

Profesor Especializado/Profesora Especializada

Médico Especialista/Médica Especialista

Farmacéutico Especialista/Farmacéutica Especialista

Enfermeiro Especialista/Enfermeira Especialista

4. Títulos deportivos

Técnico Deportivo Elemental/Técnica Deportiva Elemental

Técnico Deportivo de Base/ Técnica Deportiva de Base

Técnico Deportivo Superior/Técnica Deportiva Superior

A continuación facilitamos exemplos de grupos e categorías profesionais recollidos de convenios colectivos así como alternativas á súa denominación:

GRUPOS PROFESIONAIS

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Grupo 2.º: Administrativos e Mecánicos	Grupo 2.º: Persoal de Administración e Mecánica Administrativas/os e Mecánicas/os
Grupo 4.º: Subalternos	Grupo 4.º: Persoal Subalterno Subalternas e subalternos Subalternas/os
Grupo 5.º: Fabricadores	Grupo 5.º: Persoal de Fabricación Equipo de fabricación Departamento de fabricación Fabricadoras e fabricantes Fabricadoras/es

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Grupo I.- Mercantís Técnicos	Grupo I.- Persoal Mercantil Técnico Departamento mercantil técnico Mercantís técnicas e técnicos Mercantís técnicas/os
Grupo II - Administrativos	Grupo II - Persoal Administrativo (ou de administración) Equipo administrativo (ou de administración) Departamento administrativo (ou de administración) Administrativas e administrativos Administrativas/os
Grupo III - Técnicos de Oficina	Grupo III - Persoal Técnico de Oficina Departamento de persoal técnico de oficina Técnicas e técnicos de oficina Técnicas/os de oficina
Grupo III.- Técnicos non Titulados	Grupo III.- Persoal Técnico non Titulado Departamento de persoal técnico non titulado Técnicas e técnicos non titulados Técnicas/os non titulados/as
Grupo IV.– Operarios	Grupo IV.- Persoal Operario Departamento de persoal operario Operarias e operarios Operarias/os

CATEGORÍAS PROFESIONAIS

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Administrador de test	Persoal administrador de test Administración de test Departamento de administración de test Equipo de administración de test Administradora e administrador de test Administrador/a de test
Administrativo	Persoal de administración (ou administrativo) Administración Equipo de administración (ou administrativo) Departamento de administración (ou administrativo) Administrativo e administrativa Administrativo/a
Adxunto de dirección	Persoal adxunto de dirección Departamento de persoal adxunto de dirección Adxunta e adxunto de dirección Adxunta/o de dirección
Almaceneiro	Almacenista Persoal de almacén Equipo de almacén Almaceneira e almaceneiro Almaceneira/o
Aprendiz	Aprendiza e aprendiz Aprendiz/a

Recollido en convenios colectivos

Alternativas

Auxiliar administrativo

Auxiliar de administración
Persoal auxiliar de administración (ou administrativo)
Equipo de auxiliares de administración
Departamento de auxiliares de administración
Auxiliar administrativa e administrativo
Auxiliar administrativa/o

Auxiliar técnico de obra

Auxiliar técnica e técnico de obra
Persoal auxiliar técnico de obra
Departamento de auxiliares técnicas/os de obra
Auxiliar técnica/o de obra

Auxiliar topográfico

Auxiliar de topografía
Equipo de auxiliares de topografía
Departamento de auxiliares de topografía
Auxiliar topógrafa e topógrafo
Auxiliar topógrafa/o

Axudante

Axudanta e axudante
Axudanta/e

Axudante de montaxe

Persoal de axuda de montaxe
Equipo de axuda de montaxe
Departamento de axuda de montaxe
Axudante e axudanta de montaxe
Axudante/a de montaxe

Axudante de xefe de obra

Persoal de axuda á xefatura de obra
Equipo de axuda á xefatura de obra
Departamento de axuda á xefatura de obra
Axudanta e axudante de xefatura de obra
Axudanta/e de xefatura de obra

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Caixeiro	Persoal de caixa Caixa Caixeiro e caixeira Caixeiro/a
Canteiro	Persoal de canteira Equipo de canteira Departamento de canteira Canteira e canteiro Canteira/o
Capataz de peóns	Capataz de peoas e peóns
Carpinteiro	Persoal de carpintaría Equipo de carpintaría Departamento de carpintaría Carpinteira e carpinteiro Carpinteira/o
Clasificador	Persoal de clasificación Equipo de clasificación Departamento de clasificación Clasificación Clasificador e clasificadora Clasificador/a Persoal de cobro
Cobrador	Cobros Equipo de cobros Departamento de cobros Cobrador e cobradora Cobrador/a
Colocador de pavimentos lixeiros	Persoal de colocación de pavimentos lixeiros Colocación de pavimentos lixeiros Equipo de colocación de pavimentos lixeiros

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Comercializador	Persoal de Comercialización Comercialización Equipo de comercialización Departamento de comercialización Comercializador e comercializadora Comercializador/a
Condutor	Persoal de conducción Departamento de conducción Condutor e condutora Condutor/a
Condutor mecánico	Conducción mecánica Persoal de conducción mecánica Equipo de conducción mecánica Departamento de conducción mecánica Condutor/a mecánico/a
Contable caixeiro	Contable caixeiro e caixeira Contable caixeiro/a
Controlador	Persoal de control Control Equipo de control Departamento de control Controlador e controladora Controlador/a
Coordinador de estudos	Coordinación de estudos Equipo de coordinación de estudos Departamento de coordinación de estudos Coordinador e coordinadora de estudos Coordinador/a de estudos

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Corredor de praza	Corredora e corredor de praza Corredor/a de praza
Costureira	Persoal de costura Costura Equipo de costura Departamento de costura Costureiro e costureira Costureiro/a
Decoradores	Persoal de decoración Decoración Equipo de decoración Departamento de decoración Decoradora e decorador Decorador/a
Delegado de Vendas	Delegada e delegado de vendas Delegada/o de vendas
Delineante	Persoal de delineación Delineación Equipo de delineación Departamento de delineación Delineanta e delineante Delineanta/e
Directivo	Dirección Persoal de dirección Equipo de dirección Departamento de dirección Directiva e directivo Directiva/o

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Director Compras	Dirección de compras Equipo de dirección de compras Departamento de dirección de compras Directora e director de compras Director/a de compras
Electromecánico	Persoal de electromecánica Electromecánica Equipo de electromecánica Departamento de electromecánica Electromecánica e electromecánico Electromecánica/o
Empleado administrativo	Persoal de administración (ou administrativo) Administración Equipo de administración (ou administrativo) Departamento de administración (ou administrativo) Empregada/o administrativa/o
Encargado almacén	Persoal encargado de almacén Encargada e encargado de almacén Encargada/o de almacén
Enfermeiro	Persoal de enfermería Equipo de enfermería Departamento de enfermería Enfermeiro e enfermeira Enfermeira/o

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Enquisador	Persoal (de realización) de enquisas Equipo (de realización) de enquisas Departamento (de realización) de enquisas Enquisadora e enquisador Enquisador/a
Enxeñeiro	Persoal de enxeñaría Enxeñaría Departamento de enxeñaría Enxeñeira e enxeñeiro Enxeñeira/o
Escultor de pedra e mármore	Escultora e escultor de pedra e mármore Escultor/a de pedra e mármore
Fontaneiro	Persoal de fontanaría Fontanaría Equipo de fontanaría Departamento de fontanaría Fontaneira e fontaneiro Fontaneira/o
Formador	Persoal de formación Formación Equipo de formación Departamento de formación Formadora e formador Formador/a
Limpador Oficial	Persoal de limpeza oficial Limpador/a oficial/a
Mariñeiro de cuberta	Mariñeira e mariñeiro de cuberta Mariñeira/o de cuberta

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Mecánico naval	Persoal mecánico naval Equipo de mecánica naval Departamento de mecánica naval Mecánica e mecánico naval Mecánica/o naval
Mestres	Docentes Equipo docente Profesorado Mestre e mestra Mestra/e
Montador de estadas	Persoal de montaxe de estadas Montaxe de estadas Equipo de montaxe de estadas Departamento de montaxe de estadas Montadora e montador de estadas Montador/a de estadas
Montador-instalador de aparellos de elevación	Persoal de montaxe-instalación de aparellos de elevación Montaxe-instalación de aparellos de elevación Equipo de montaxe-instalación de aparellos de elevación Departamento de montaxe-instalación de aparellos de elevación Montadora e montador-instalación de aparellos de elevación Montador/a-instalación de aparellos de elevación
Mozo de recados	Moza e mozo de recados Moza/o de recados

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Oficial administrativo	Persoal oficial de administración (ou administrativo) Oficial e oficiala de administración Oficial/a administrativo/a
Oficial de 1ª de oficio	Persoal oficial de 1ª de oficio Oficiala ou oficial de 1ª do oficio Oficial/o de 1ª de oficio
Operador técnico	Persoal operador técnico Operador e operadora técnica Operador/a técnico/a
Operario de conservación e explotación de estradas	Persoal operario de conservación e explotación de estradas Operaria e operario de conservación e explotación de estradas Operaria/o de conservación e explotación de estradas
Patrón de barco	Patroa e patrón de barco
Peón especialista	Peón e peoa especialista
Perito	Persoal de peritaxe Peritaxe Equipo de peritaxe Departamento de peritaxe Perita e perito Perita/o

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Pintor de bandas sobre vías urbanas e estradas	Persoal de pintura sobre vías urbanas e estradas Pintora e pintor sobre vías urbanas e estradas Pintor/a sobre vías urbanas e estradas
Pintor e/ou empapelador	Persoal de pintura e/ou empapelado Pintura e/ou empapelado Equipo de pintura e/ou empapelado Departamento de pintura e/ou empapelado Pintor/a e/ou empapelador/a
Porteiro	Persoal de portería Portería Porteiro e porteira Porteiro/a
Práctico de topografía	Práctica ou práctico de topografía Práctica/o de topografía
Programador	Persoal de programación Programación Equipo de programación Departamento de programación Programador e programadora Programador/a
Promotor de Ventas	Persoal de promoción de vendas Promoción de vendas Equipo de promoción de vendas Departamento de promoción de vendas Promotora e promotor de vendas Promotor/a de vendas

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Pulidor - abrillantador de chans, de terrazo e similares	Persoal pulidor abrillantador de chans, de terrazo e similares Pulidora abrillantadora e pulidor abrillantador de chans, de terrazo e similares Pulidor/a abrillantador/a de chans, de terrazo e similares
Reporteiro de axencia de Información	Persoal reporteiro de axencia de información Equipo de reportaxes de axencia de información Departamento de reportaxes de axencia de información Reporteiro e reporteira de axencia de información Reporteira/o de axencia de información
Revocador / revestidor	Revocador/revestidor e revocadora/ revestidora Revocador/a – revestidor/a
Secretario de dirección	Secretaría de dirección Secretario e secretaria de dirección Secretario/a de dirección
Soldador de estruturas metálicas pesadas	Persoal de soldadura (soldador) de estruturas metálicas pesadas Equipo de soldadura de estruturas metálicas pesadas Departamento de soldadura de estruturas metálicas pesadas Soldadora e soldador de estruturas metálicas pesadas Soldador/a de estruturas metálicas pesadas

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Subalterno	Persoal subalterno Subalterna e subalterno Subalterna/o
Supervisor	Persoal de supervisión Supervisión Equipo de supervisión Departamento de supervisión Supervisora e supervisor Supervisor/a
Taquimecanógrafo	Persoal de taquimecanografía Taquimecanografía Equipo de taquimecanografía Departamento de taquimecanografía Taquimecanógrafo e taquimecanógrafa Taquimecanógrafo/o
Técnico	Persoal técnico Equipo técnico Departamento técnico Técnica e técnico Técnica/o
Técnico administrativo	Persoal técnico de administración (ou administrativo) Equipo técnico de administración (ou administrativo) Departamento técnico de administración (ou administrativo) Técnico e técnica de administración Técnica administrativa e técnico administrativo Técnica/o administrativa/o

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Técnico e/ou coordinador de formación	Persoal técnico e/ou coordinación de formación Equipo técnico e/ou coordinación de formación Departamento técnico e/ou coordinación de formación Técnico/a e/ou coordinador/a de formación
Titulado de Grao Medio	Persoal con titulación de Grao Medio Con titulación de Grao Medio Titulada e titulado de grao medio Titulada/o de grao medio
Traballadores en formación	Persoal en formación
Tradutor	Persoal de tradución Tradución Equipo de tradución Departamento de tradución Tradutor e tradutora Tradutor/a
Vendedor	Persoal de vendas Vendas Equipo de vendas Departamento de vendas Vendedor e vendedora Vendedor/a
Verificador	Persoal de verificación Verificación Equipo de verificación Departamento de verificación Verificador e verificadora Verificador/a

Recollido en convenios colectivos	Alternativas
Visitador	Persoal de visitas Equipo de visitas Departamento de visitas Visitador e visitadora Visitador/a
Xardineiro	Persoal de xardinería Xardinería Equipo de xardinería Departamento de xardinería Xardineira e xardineiro Xardineira/o
Xefe administrativo	Xefatura de administración (ou administrativa) Xefa administrativa e xefe administrativo Xefa e xefe de administración Xefa/e de administración (ou administrativa/o)
Xefe de equipo	Xefatura de equipo Xefa e xefe de equipo Xefa/e de equipo
Xefe de visitantes	Xefatura de departamento de visitas Xefa e xefe de visitantes e visitadoras Xefa/e de visitantes/as
Xestor Telefónico	Persoal de xestión telefónica Xestión telefónica Equipo de xestión telefónica Departamento de xestión telefónica Xestora telefónica e xestor telefónico Xestor/a telefónico/a

PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS SOBRE A SITUACIÓN ACTUAL DA NEGOCIACIÓN COLECTIVA GALEGA NA UTILIZACIÓN DUNHA LINGUAXE SEXISTA NA DENOMINACIÓN DE GRUPOS E CATEGORÍAS PROFESIONAIS

No estudo sobre o “Principio de Igualdade na Negociación Colectiva” ao que fixemos mención no anterior apartado da Guía afirmase que “No marco laboral, a efectiva consecución do principio de igualdade entre mulleres e homes pende, en non pouca medida, dun óptimo deseño dos chamados sistemas de clasificación profesional. Os mesmos, en efecto, acollen no seu seo ao persoal da empresa ou sector de que se trate, adxudicando a traballadoras e traballadores tarefas e responsabilidades, pero tamén, aínda indirectamente, unhas determinadas condicións de traballo, sinaladamente retributivas”.

Aínda que a análise da estrutura das categorías profesionais tendo en conta a perspectiva de xénero engloba outras variables, ímonos a centrar nas conclusións do estudo no que respecta exclusivamente á utilización da linguaxe sexista.

Establécese que á marxe da apreciación xeral dunha liña de tendencia positiva, hai que sinalar numerosos casos que precisan de corrección:

- existen convenios colectivos que formulan só en feminino categorías tradicionalmente ocupadas por mulleres: é o caso de “azafatas”, “limpadoras” ou “empaquetadoras”.
- noutros casos por contra, determinados postos de elevada cualificación fórmulanse só en masculino.
- sistemas exclusiva ou preponderantemente formulados en masculino ou que só optan pola linguaxe inclusiva no caso de categorías tradicionalmente feminizadas, procedendo a unha corrección só parcial, como aqueles que só empregan a linguaxe neutra no caso do “persoal de limpeza”, mentres o resto dos grupos enúnciase exclusivamente en masculino.
- cláusulas xerais, segundo as cales a expresión “traballadores” e similares: (condutores, técnicos...), debe entenderse comprensiva das traballadoras

Aínda así, sinalan que cabe deducir unha destacada labor das persoas negociadoras en pro da eliminación de categorías sexuadas e, así mesmo, da depuración formal da nego-

ciación colectiva galega, optando, xa en numerosas ocasións, por unha linguaxe inclusiva. Pese a todo entenden que o proceso non pode entenderse culminado, pois, aínda no marco dunha liña de tendencia en termos xerais positiva, un elevado número de convenios resultan, na actualidade, escasamente rigorosos dende unha perspectiva terminolóxica.

Cren que probablemente ditas distorsións formais sexan o reflexo dunha problemática máis estrutural, vinculada a unha deficiente (e nesgada) valoración dos postos de traballo, coas conseguíntes implicacións en termos de remuneración. Tal vez a linguaxe sexa o reflexo dunha división aínda sexista do traballo, froito da concepción, na lóxica (consciente ou inconsciente) das persoas negociadoras, de grupos profesionais para traballadores e grupos profesionais para traballadoras, resultando estes últimos minusvalorados respecto dos masculinizados de igual valor e por elo, infraremunerados.

Por todo elo recomendan emprender diferentes accións de mellora, procurando a consecución de determinados obxectivos básicos, entre os que sinalan: unha configuración formal inclusiva en termos de xénero, optando, en todo caso e sen excepcións, polo emprego dunha linguaxe neutra.

4. DICCIONARIO DE OFICIOS, CARGOS, PROFESIÓN E OUTRAS PALABRAS UTILIZADAS CON FRECUENCIA NO ÁMBITO LABORAL

Utilizar o masculino como xenérico afianza a crenza de que hai profesións para homes e outras para mulleres e non reflicte a incorporación de mulleres ao mercado laboral, aos seus múltiples oficios e profesións. Este dicionario pretende dar resposta á necesidade de contar cunha ferramenta que de xeito rápido permita consultar os diferentes oficios, cargos, profesións e outras palabras utilizadas con frecuencia no ámbito laboral e as súas denominacións en feminino e masculino.

En aras a que resulte o máis práctico posible temos que sinalar que non é exhaustivo, se non que se incluíron aquelas que máis comunmente seguen existindo a día de hoxe ou as que máis empregamos no noso día a día en función da actividade laboral que se desenvolve en Galicia, deixando fóra algúns oficios ou profesións que se ben existiron, a día de hoxe xa non se desenvolven, ou que polas características do noso tecido produtivo non son de uso frecuente no noso vocabulario.

Durante séculos determinadas profesións estiveron reservadas aos homes, polo que o léxico que as denominaba estaba definido só en masculino. Coa incorporación progresiva da muller ao mercado laboral creáronse algúns femininos de oficios e profesións, pero non así doutros, sen explicación que o xustifique. Pola contra, no caso dos homes, cando se foron incorporando a profesións desenvolvidas tradicionalmente por mulleres empregáronse outros recursos, en vez de formar o masculino das mesmas a partir do feminino:

- En ocasións creáronse neoloxismos como ocorreu con auxiliar de voo en vez de azafato, ou ATS en vez de enfermeiro, para prestixiar ou reputar traballos realizados durante moito tempo exclusivamente por mulleres.

- Apréciase tamén como existen maiores resistencias á hora de aceptar o feminino dalgunhas palabras mentres que os novos masculinos inclúense con naturalidade. No Dicionario da Real Academia Galega incorporouse a palabra “modisto”, cando co sufixo -ista fórmanse substantivos de xénero masculino e feminino (taxista, periodista), co cal modista designaría ás persoas tanto de sexo feminino como masculino.

Polo tanto, non imos a admitir como pretexto para non crear o feminino dos oficios, cargos e profesións que resulten estrañas ao oído ou á fala, xa que se as utilizamos con normalidade iranse incorporando de forma natural ao vocabulario e contribuiremos a que as mulleres estean presentes e sexan nomeadas.

Para a realización deste dicionario consultáronse diferentes fontes, entre elas “Las profesiones de la A a la Z” do Instituto da Muller, a “Guía sindical de lenguaje no sexista” elaborada por UGT Madrid, o dicionario da Real Academia Galega ou o dicionario da Real Academia Española. Respecto a estes últimos hai que matizar que nos mesmos non se contemplan múltiples ocupacións e/ou profesións en feminino aínda que son exercidos como tales (anticuario, banderilleiro, chofer, piloto, líder, revocador) e outras, unicamente recóllese o feminino e non o masculino (azafata, comadroa, matrona, costureira ou institutriz) son algúns exemplos. Tamén se comprobaron diferentes termos no tradutor da Xunta de Galicia no que aparecen oficios ou profesións que non se contemplan no dicionario da Real Academia Galega.

Outras veces fanse distincións inxustificadas no significado das palabras segundo estean en masculino ou feminino. No Dicionario da Real Academia Galega o substantivo “asistente/asistentista” defínese como: “Persoa que asiste ou axuda nun determinado labor. OBSERVACIÓNS: Nesta acepción, ten a forma feminina asistentista cando se refire á persoa que realiza traballos domésticos”.

Outras cuestións que se detectaron ao consultar o Dicionario da Real Academia Galega, e que insistimos en que non xustifican que non se inclúan no noso dicionario foron:

- Recóllense determinados substantivos ou verbos pero non as profesións:

. encofrar, pero non encofrador nin encofradora

. pavimento e pavimentar, pero non pavimentador e pavimentadora

- . persiana pero non persianista
- . rasurar pero non rasurador e rasuradora
- . teitar pero non teitadora e teitador
- . vacinar pero non vacinadora e vacinador

- Profesións que existen e que se recollen no Dicionario da Real Academia Española, pero non no Dicionario da Real Academia Galega:

- . paleóloga e paleólogo
- . politóloga e politólogo
- . rinóloga e rinólogo
- . ufóloga e ufólogo
- . violeteira e violeteiro

- Substantivos que se utilizan para o masculino e feminino cando non existe xustificación para non crear o feminino seguindo as regras correspondentes: delinante, por que non delinante?

Ante todo isto a regra a seguir para a inclusión dos oficios e profesións foi que aquelas que existindo, non se contemplan nos dicionarios, ou contemplándose, non recollen a súa aceptación en feminino, se definiron seguindo a normativa existente no idioma galego para a formación do masculino/feminino.

Sinalar que hai ocasións nas que os termos admiten dúas formas no feminino, ou non admitíndoas os dicionarios, proñoñemos a súa utilización que aparecerá separada por unha barra: delinante/delinante.

Esta decisión está baseada en que como xa indicamos, “O que non se nomea, non existe”, polo que se a lingua non recolle algúns termos en feminino, como ocupacións que tradicionalmente viñan sendo desempeñadas por homes hai que incluílas para

conseguir que se nomee a todas as persoas. O que temos que ter claro é que a formación do feminino nos oficios, cargos e profesións supón o recoñecemento oficial e público do acceso das mulleres ás mesmas e en moitos casos a erradicación de este-reotipos sexistas, polo que é un dereito irrenunciable.

Son necesarios cambios na lingua para nomear ás mulleres e como tal, debemos facelo. Non nos podemos deixar levar nin polos prexuízos, nin pola inercia, nin exclusivamente polas regras gramaticais, xa que como vimos insistindo, estas son susceptibles de cambio, e polo tanto isto non pode ser o que impida que as mulleres sexan visibles, que ocupen o lugar que lles corresponde. Ata non fai moito cuestionábanse palabras como directora ou presidenta, polo que ata que se deixen atrás reparos e argumentacións absurdas, non acadaremos a igualdade; o único que fai falta é ter perspectiva de xénero. O hábito e a frecuencia no uso cambiarán moitas reticencias. Como di a propia UNESCO (1991) “se non hai nada no idioma que se opoña á feminización dos nomes de profesións, cargos e oficios, haberá que convir en que a resistencia non é de orde lingüística, senón social”.

a

abastecedor *abastecedora*
abelleiro *abelleira*
abonado *abonada*
abrecoches *abrecoches*
abridor *abridora*
abrillantador *abrillantadora*
acabador *acabadora*
académico *académica*
accionista *accionista*
aclarador *aclaradora*
acomodador *acomodadora*
acompañante *acompañanta/*
 acompañante
acondicionador *acondicionadora*
acordeonista *acordeonista*
acredor *acredora*
acróbata *acróbata*
activo *activa*
actor *actriz*
actuario *actuaria*
acuarelista *acuarelista*
acuicultor *acuicultora*
acuñador *acuñadora*
acupuntor *acupuntora*
acupunturista *acupunturista*
adaptador *adaptadora*
adegueiro *adegueira*
adestrador *adestradora*
adiviño *adiviña*
administrador *administradora*
administrativo *administrativa*
admitido *admitida*
adobador *adobadora*
adolescente *adolescente*

adornador *adornadora*
adornista *adornista*
aduaneiro *aduaneira*
adxudicatario *adxudicataria*
adxunto *adxunta*
aerógrafo *aerógrafa*
aeronauta *aeronauta*
aerotécnico *aerotécnica*
afeccionado *afeccionada*
afectado *afectada*
afiador *afiadora*
afiliado *afiliada*
afinador *afinadora*
afumador *afumadora*
agricultor *agricultora*
agrólogo *agróloga*
agronomo *agronoma*
albanel *albanel/*
 albanela
albergueiro *albergueira*
alcalde *alcaldesa*
alergólogo *alergóloga*
alférez *alférez*
alfombreiro *alfombreira*
alfombrista *alfombrista*
algodoeiro *algodoeira*
alguacil *alguacila*
almaceneiro *almaceneira*
almacenista *almacenista*
almirante *almiranta*
alpinista *alpinista*
alquimista *alquimista*
alugueiro *alugueira*
alumno *alumna*
alxebrista *alxebrista*
amarrador *amarradora*
amasador *amasadora*

<i>ambientador</i>	<i>ambientadora</i>	<i>artesán</i>	<i>artesá</i>
<i>ampliador</i>	<i>ampliadora</i>	<i>articulista</i>	<i>articulista</i>
<i>analista</i>	<i>analista</i>	<i>artificieiro</i>	<i>artificieira</i>
<i>analizador</i>	<i>analizadora</i>	<i>artilleiro</i>	<i>artilleira</i>
<i>anatomista</i>	<i>anatomista</i>	<i>artista</i>	<i>artista</i>
<i>anestesiólogo</i>	<i>anestesióloga</i>	<i>asalariado</i>	<i>asalariada</i>
<i>anestesista</i>	<i>anestesista</i>	<i>ascendente</i>	<i>ascendente</i>
<i>animador</i>	<i>animadora</i>	<i>ascensorista</i>	<i>ascensorista</i>
<i>animalista</i>	<i>animalista</i>	<i>aseador</i>	<i>aseadora</i>
<i>anotador</i>	<i>anotadora</i>	<i>asegurador</i>	<i>aseguradora</i>
<i>anticuario</i>	<i>anticuaria</i>	<i>asesor</i>	<i>asesora</i>
<i>antoloxista</i>	<i>antoloxista</i>	<i>asinante</i>	<i>asinante</i>
<i>antropólogo</i>	<i>antropóloga</i>	<i>asistente</i>	<i>asistentá</i>
<i>aparcacoches</i>	<i>aparcacoches</i>	<i>aspirante</i>	<i>aspirante/ aspiranta</i>
<i>aparellador</i>	<i>aparelladora</i>	<i>astrofísico</i>	<i>astrofísica</i>
<i>apicultor</i>	<i>apicultora</i>	<i>astrólogo</i>	<i>astróloga</i>
<i>apisoador</i>	<i>apisoadora</i>	<i>astronauta</i>	<i>astronauta</i>
<i>apoderado</i>	<i>apoderada</i>	<i>astrónomo</i>	<i>astrónoma</i>
<i>aprendiz</i>	<i>aprendiza</i>	<i>atador</i>	<i>atadora</i>
<i>apuntador</i>	<i>apuntadora</i>	<i>atleta</i>	<i>atleta</i>
<i>apuntalador</i>	<i>apuntaladora</i>	<i>atuneiro</i>	<i>atuneira</i>
<i>aracnólogo</i>	<i>aracnóloga</i>	<i>auditor</i>	<i>auditora</i>
<i>arador</i>	<i>aradora</i>	<i>autobuseiro</i>	<i>autobuseira</i>
<i>árbitro</i>	<i>árbitra</i>	<i>autónomo</i>	<i>autónoma</i>
<i>areeiro</i>	<i>areeira</i>	<i>autor</i>	<i>autora</i>
<i>argumentista</i>	<i>argumentista</i>	<i>auxiliar</i>	<i>auxiliar</i>
<i>aritmético</i>	<i>aritmética</i>	<i>avaliador</i>	<i>avaliadora</i>
<i>armador</i>	<i>armadora</i>	<i>aviador</i>	<i>aviadora</i>
<i>armeiro</i>	<i>armeira</i>	<i>avicultor</i>	<i>avicultora</i>
<i>aromatizador</i>	<i>aromatizadora</i>	<i>avogado</i>	<i>avogada</i>
<i>arqueiro</i>	<i>arqueira</i>	<i>axente</i>	<i>axente</i>
<i>arqueólogo</i>	<i>arqueóloga</i>	<i>axudante</i>	<i>axudanta</i>
<i>arquitecto</i>	<i>arquitecta</i>	<i>axustador</i>	<i>axustadora</i>
<i>arquivoiro</i>	<i>arquivoira</i>	<i>azafato</i>	<i>azafata</i>
<i>arrendador</i>	<i>arrendadora</i>	<i>azucreiro</i>	<i>azucreira</i>
<i>arrendatario</i>	<i>arrendataria</i>	<i>azulexeiro</i>	<i>azulexeira</i>
<i>arroceiro</i>	<i>arroceira</i>		

b

<i>bacallaeiro</i>	bacallaeira
<i>bacteriólogo</i>	bacterióloga
<i>bailarín</i>	bailarina
<i>baixista</i>	baixista
<i>baladista</i>	baladista
<i>baldosador</i>	baldosadora
<i>baleeiro</i>	baleeira
<i>baleirador</i>	baleiradora
<i>baloncestista</i>	baloncestista
<i>balonmanista</i>	balonmanista
<i>balseiro</i>	balseira
<i>banderilleiro</i>	banderilleira
<i>banqueiro</i>	banqueira
<i>bañista</i>	bañista
<i>barbeiro</i>	barbeira
<i>barítono</i>	
<i>barón</i>	baronesa
<i>barqueiro</i>	barqueira
<i>batedor</i>	batedora
<i>bateiro</i>	bateira
<i>batería</i>	batería
<i>bedel</i>	bedela
<i>beisbolista</i>	beisbolista
<i>beneficiario</i>	beneficiaria
<i>bibliógrafo</i>	bibliógrafa
<i>bibliotecario</i>	bibliotecaria
<i>billarista</i>	billarista
<i>bioclínico</i>	bioclínica
<i>bioenxeñeiro</i>	bioenxeñeira
<i>bioestatístico</i>	bioestatística
<i>biofísico</i>	biofísica
<i>biógrafo</i>	biógrafa
<i>bioinformático</i>	bioinformática
<i>biólogo</i>	bióloga

<i>biomédico</i>	biomédica
<i>biometalúrxico</i>	biometalúrxica
<i>bioquímico</i>	bioquímica
<i>bioxeógrafo</i>	bioxeógrafa
<i>biscoiteiro</i>	biscoiteira
<i>bobinador</i>	bobinadora
<i>bodegueiro</i>	bodegueira
<i>bolseiro</i>	bolseira
<i>bolsista</i>	bolsista
<i>bombeiro</i>	bombeira
<i>bordador</i>	bordadora
<i>botánico</i>	botánica
<i>botelleiro</i>	botelleira
<i>boticario</i>	boticaria
<i>botoeiro</i>	botoeira
<i>botóns</i>	botóns
<i>bovinocultor</i>	bovinocultora
<i>boxeador</i>	boxeadora
<i>braceiro</i>	braceira
<i>branqueador</i>	branqueadora
<i>brigadista</i>	brigadista
<i>brócker</i>	brócker
<i>brunidor</i>	brunidora
<i>butaneiro</i>	butaneira

C

<i>cabo</i>	cabo
<i>cabreiro</i>	cabreira
<i>cachoteiro</i>	cachoteira
<i>cadete</i>	cadete/cadeta
<i>cafeteiro</i>	cafeteira
<i>caixeiro</i>	caixeira
<i>caixista</i>	caixista
<i>calcador</i>	calcadora
<i>calceteiro</i>	calceteira

<i>calcógrafo</i>	<i>calcógrafa</i>	<i>carrexador</i>	<i>carrexadora</i>
<i>calculista</i>	<i>calculista</i>	<i>carroceiro</i>	<i>carroceira</i>
<i>calefactor</i>	<i>calefactora</i>	<i>carteiro</i>	<i>carteira</i>
<i>calendarista</i>	<i>calendarista</i>	<i>carteleiro</i>	<i>carteleira</i>
<i>calibrador</i>	<i>calibradora</i>	<i>cartelista</i>	<i>cartelista</i>
<i>calígrafo</i>	<i>calígrafa</i>	<i>cartógrafo</i>	<i>cartógrafa</i>
<i>calista</i>	<i>calista</i>	<i>cartoneiro</i>	<i>cartoneira</i>
<i>cámara</i>	<i>cámara</i>	<i>caseiro</i>	<i>caseira</i>
<i>camareiro</i>	<i>camareira</i>	<i>castañeiro</i>	<i>castañeira</i>
<i>cambiador</i>	<i>cambiadora</i>	<i>castrador</i>	<i>castradora</i>
<i>camioneiro</i>	<i>camioneira</i>	<i>catador</i>	<i>catadora</i>
<i>camiseiro</i>	<i>camiseira</i>	<i>catalogador</i>	<i>catalogadora</i>
<i>campaneiro</i>	<i>campaneira</i>	<i>cataviños</i>	<i>cataviños</i>
<i>campesiño</i>	<i>campesiña</i>	<i>catedrático</i>	<i>catedrática</i>
<i>campión</i>	<i>campioa</i>	<i>catequista</i>	<i>catequista</i>
<i>campista</i>	<i>campista</i>	<i>cavador</i>	<i>cavadora</i>
<i>candidato</i>	<i>candidata</i>	<i>cazacerebros</i>	<i>cazacerebros</i>
<i>cantante</i>	<i>cantante</i>	<i>cazador</i>	<i>cazadora</i>
<i>cantautor</i>	<i>cantautora</i>	<i>cazatalentos</i>	<i>cazatalentos</i>
<i>canteiro</i>	<i>canteira</i>	<i>cebador</i>	<i>cebadora</i>
<i>cantor</i>	<i>cantora</i>	<i>ceboleiro</i>	<i>ceboleira</i>
<i>capador</i>	<i>capadora</i>	<i>celador</i>	<i>celadora</i>
<i>capataz</i>	<i>capataza</i>	<i>cementador</i>	<i>cementadora</i>
<i>capitán</i>	<i>capitá</i>	<i>cementista</i>	<i>cementista</i>
<i>carabineiro</i>	<i>carabineira</i>	<i>ceramista</i>	<i>ceramista</i>
<i>caracterizador</i>	<i>caracterizadora</i>	<i>cerealista</i>	<i>cerealista</i>
<i>carboeiro</i>	<i>carboeira</i>	<i>cerralleiro</i>	<i>cerralleira</i>
<i>carcereiro</i>	<i>carcereira</i>	<i>cervexeiro</i>	<i>cervexeira</i>
<i>cardador</i>	<i>cardadora</i>	<i>cesteiro</i>	<i>cesteira</i>
<i>cardiociurxián</i>	<i>cardiociurxiá</i>	<i>chacineiro</i>	<i>chacineira</i>
<i>cardiólogo</i>	<i>cardióloga</i>	<i>chanceler</i>	<i>chancelera/ chanceler</i>
<i>cargador</i>	<i>cargadora</i>	<i>chapista</i>	<i>chapista</i>
<i>caricaturista</i>	<i>caricaturista</i>	<i>charcuteiro</i>	<i>charcuteira</i>
<i>carniceiro</i>	<i>carniceira</i>	<i>chatarreiro</i>	<i>chatarreira</i>
<i>carpinteiro</i>	<i>carpinteira</i>	<i>chef</i>	<i>chef</i>
<i>carreteiro</i>	<i>carreteira</i>	<i>chocolateiro</i>	<i>chocolateira</i>
<i>carretilleiro</i>	<i>carretilleira</i>		

<i>chofer</i>	<i>choferesa</i>	<i>comerciante</i>	<i>comercianta/ comerciante</i>
<i>churreiro</i>	<i>churreira</i>	<i>cómico</i>	<i>cómica</i>
<i>cibernauta</i>	<i>cibernauta</i>	<i>comisario</i>	<i>comisaria</i>
<i>cicelador</i>	<i>ciceladora</i>	<i>comisionista</i>	<i>comisionista</i>
<i>ciclista</i>	<i>ciclista</i>	<i>comparatista</i>	<i>comparatista</i>
<i>científico</i>	<i>científica</i>	<i>compilador</i>	<i>compiladora</i>
<i>cilindrador</i>	<i>cilindradora</i>	<i>compoñedor</i>	<i>compoñedora</i>
<i>cinasta</i>	<i>cinasta</i>	<i>compositor</i>	<i>compositora</i>
<i>cirurxián</i>	<i>cirurxiá</i>	<i>comprador</i>	<i>compradora</i>
<i>citólogo</i>	<i>citóloga</i>	<i>comprobador</i>	<i>comprobadora</i>
<i>claquetista</i>	<i>claquetista</i>	<i>computador</i>	<i>computadora</i>
<i>clarinetista</i>	<i>clarinetista</i>	<i>comunicador</i>	<i>comunicadora</i>
<i>clasificador</i>	<i>clasificadora</i>	<i>concelleiro</i>	<i>concelleira</i>
<i>cliente</i>	<i>clienta</i>	<i>concertador</i>	<i>concertadora</i>
<i>climatólogo</i>	<i>climatóloga</i>	<i>concertino</i>	<i>concertina/ concertino</i>
<i>coautor</i>	<i>coautora</i>	<i>concertista</i>	<i>concertista</i>
<i>cobrador</i>	<i>cobradora</i>	<i>conciliador</i>	<i>conciliadora</i>
<i>cocedor</i>	<i>cocedora</i>	<i>conde</i>	<i>condesa</i>
<i>cocheiro</i>	<i>cocheira</i>	<i>condutor</i>	<i>condutora</i>
<i>cociñeiro</i>	<i>cociñeira</i>	<i>confeccionador</i>	<i>confeccionadora</i>
<i>codificador</i>	<i>codificadora</i>	<i>conferenciante</i>	<i>conferenciante/ conferenciante</i>
<i>codirector</i>	<i>codirectora</i>	<i>conselleiro</i>	<i>conselleira</i>
<i>coeditor</i>	<i>coeditora</i>	<i>conservador</i>	<i>conservadora</i>
<i>coelleiro</i>	<i>coelleira</i>	<i>conserveiro</i>	<i>conserveira</i>
<i>coidador</i>	<i>coidadora</i>	<i>conserxe</i>	<i>conserxe/conserxa</i>
<i>colchoeiro</i>	<i>colchoeira</i>	<i>consignador</i>	<i>consignadora</i>
<i>coleccionista</i>	<i>coleccionista</i>	<i>consignatario</i>	<i>consignataria</i>
<i>colector</i>	<i>colectora</i>	<i>construtor</i>	<i>construtora</i>
<i>colleiteiro</i>	<i>colleiteira</i>	<i>cónsul</i>	<i>consulesa</i>
<i>colocador</i>	<i>colocadora</i>	<i>consultor</i>	<i>consultora</i>
<i>colorista</i>	<i>colorista</i>	<i>consumidor</i>	<i>consumidora</i>
<i>comadrón</i>	<i>comandanta</i>	<i>contable</i>	<i>contable</i>
<i>comandante</i>	<i>comediante</i>	<i>contacontos</i>	<i>contacontos</i>
<i>comediógrafo</i>	<i>comediógrafa</i>	<i>contador</i>	<i>contadora</i>
<i>comentarista</i>	<i>comentarista</i>		
<i>comercial</i>	<i>comercial</i>		

<i>contista</i>	<i>contista</i>	<i>creativo</i>	<i>creativa</i>
<i>contorsionista</i>	<i>contorsionista</i>	<i>criado</i>	<i>criada</i>
<i>contrabaixista</i>	<i>contrabaixista</i>	<i>criador</i>	<i>criadora</i>
<i>contrabaixo</i>	<i>contrabaixo</i>	<i>criador</i>	<i>criadora</i>
<i>contrafagot</i>	<i>contrafagot</i>	<i>criminalista</i>	<i>criminalista</i>
<i>contralto</i>	<i>contralto</i>	<i>criminólogo</i>	<i>criminóloga</i>
<i>contramestre</i>	<i>contramestra</i>	<i>criptógrafo</i>	<i>criptógrafa</i>
<i>contrarreloxista</i>	<i>contrarreloxista</i>	<i>cristaleiro</i>	<i>cristaleiro</i>
<i>contratado</i>	<i>contratada</i>	<i>crítico</i>	<i>crítica</i>
<i>contratista</i>	<i>contratista</i>	<i>cromador</i>	<i>cromadora</i>
<i>contribuínte</i>	<i>contribuínte</i>	<i>cronista</i>	<i>cronista</i>
<i>controlador</i>	<i>controladora</i>	<i>cronógrafo</i>	<i>cronógrafa</i>
<i>conxelador</i>	<i>conxeladora</i>	<i>cronólogo</i>	<i>cronóloga</i>
<i>cooperante</i>	<i>cooperanta/ cooperante</i>	<i>cronoloxista</i>	<i>cronoloxista</i>
		<i>cronometrador</i>	<i>cronometradora</i>
<i>coordinador</i>	<i>coordinadora</i>	<i>crupier</i>	<i>crupier</i>
<i>copeiro</i>	<i>copeira</i>	<i>cultivador</i>	<i>cultivadora</i>
<i>copiloto</i>	<i>copilota/copiloto</i>	<i>cunicultor</i>	<i>cunicultora</i>
<i>copista</i>	<i>copista</i>	<i>curador</i>	<i>curadora</i>
<i>copresidente</i>	<i>copresidenta</i>	<i>curandeiro</i>	<i>curandeira</i>
<i>coprodutor</i>	<i>coprodutora</i>	<i>currante</i>	<i>curranta</i>
<i>copropietario</i>	<i>copropietaria</i>	<i>curtidor</i>	<i>curtidora</i>
<i>cordeiro</i>	<i>cordeira</i>		
<i>coreógrafo</i>	<i>coreógrafa</i>		
<i>corista</i>	<i>corista</i>		
<i>coronel</i>	<i>coronela</i>		
<i>corredor</i>	<i>corredora</i>		
<i>correspondente</i>	<i>correspondente</i>	<i>dactilógrafo</i>	<i>dactilógrafa</i>
<i>corrixidor</i>	<i>corrixidora</i>	<i>danzarín</i>	<i>danzarina</i>
<i>cortador</i>	<i>cortadora</i>	<i>debullador</i>	<i>debulladora</i>
<i>cosedor</i>	<i>cosedora</i>	<i>debuxante</i>	<i>debuxanta/ debuxante</i>
<i>cosmógrafo</i>	<i>cosmógrafa</i>		
<i>cosmólogo</i>	<i>cosmóloga</i>	<i>decano</i>	<i>decana</i>
<i>cosmonauta</i>	<i>cosmonauta</i>	<i>declarante</i>	<i>declarante</i>
<i>costureiro</i>	<i>costureira</i>	<i>decorador</i>	<i>decoradora</i>
<i>coxestor</i>	<i>coxestora</i>	<i>defensor</i>	<i>defensora</i>
<i>cravador</i>	<i>cravadora</i>	<i>degolador</i>	<i>degoladora</i>
		<i>degustador</i>	<i>degustadora</i>

d

<i>delegado</i>	<i>delegada</i>
<i>delineante</i>	<i>delineanta/ delineante</i>
<i>demandado</i>	<i>demandada</i>
<i>demógrafo</i>	<i>demógrafa</i>
<i>demoledor</i>	<i>demoledora</i>
<i>dentista</i>	<i>dentista</i>
<i>dependente</i>	<i>dependenta</i>
<i>depilador</i>	<i>depiladora</i>
<i>deportista</i>	<i>deportista</i>
<i>depositario</i>	<i>depositaria</i>
<i>depurador</i>	<i>depuradora</i>
<i>deputado</i>	<i>deputada</i>
<i>dermatólogo</i>	<i>dermatóloga</i>
<i>desatascador</i>	<i>desatascadora</i>
<i>desempregado</i>	<i>desempregada</i>
<i>deseñador</i>	<i>deseñadora</i>
<i>deshidratador</i>	<i>deshidratadora</i>
<i>desinfectador</i>	<i>desinfectadora</i>
<i>desosador</i>	<i>desosadora</i>
<i>despachador</i>	<i>despachadora</i>
<i>despenseiro</i>	<i>despenseira</i>
<i>despezador</i>	<i>despezadora</i>
<i>destilador</i>	<i>destiladora</i>
<i>destinatario</i>	<i>destinataria</i>
<i>detective</i>	<i>detective/detectiva</i>
<i>dialoguista</i>	<i>dialoguista</i>
<i>diamantista</i>	<i>diamantista</i>
<i>dietista</i>	<i>dietista</i>
<i>dinamizador</i>	<i>dinamizadora</i>
<i>diplomado</i>	<i>diplomada</i>
<i>diplomático</i>	<i>diplomática</i>
<i>directivo</i>	<i>directiva</i>
<i>director</i>	<i>directora</i>
<i>dirixente</i>	<i>dirixente/dirixenta</i>
<i>disc-jockey</i>	<i>disc-jockey</i>
<i>discapacitado</i>	<i>discapacitada</i>

<i>disecador</i>	<i>disecadora</i>
<i>disector</i>	<i>disectora</i>
<i>distribuidor</i>	<i>distribuidora</i>
<i>ditador</i>	<i>ditadora</i>
<i>dobrador</i>	<i>dobradora</i>
<i>docente</i>	<i>docente</i>
<i>documentalista</i>	<i>documentalista</i>
<i>domador</i>	<i>domadora</i>
<i>doméstico</i>	<i>doméstica</i>
<i>domiciliario</i>	<i>domiciliaria</i>
<i>doutor</i>	<i>doutora</i>
<i>dragador</i>	<i>dragadora</i>
<i>dramaturgo</i>	<i>dramaturga</i>
<i>drogueiro</i>	<i>drogueira</i>
<i>duque</i>	<i>duquesa</i>

e

<i>ebanista</i>	<i>ebanista</i>
<i>ecografista</i>	<i>ecografista</i>
<i>ecólogo</i>	<i>ecóloga</i>
<i>económetra</i>	<i>económetra</i>
<i>economista</i>	<i>economista</i>
<i>ecónomo</i>	<i>ecónoma</i>
<i>edificador</i>	<i>edificadora</i>
<i>edil</i>	<i>edila/edil</i>
<i>editor</i>	<i>editora</i>
<i>editorialista</i>	<i>editorialista</i>
<i>educador</i>	<i>educadora</i>
<i>elaborador</i>	<i>elaboradora</i>
<i>elector</i>	<i>electora</i>
<i>electricista</i>	<i>electricista</i>
<i>eléctrico</i>	<i>eléctrica</i>
<i>electromecánico</i>	<i>electromecánica</i>
<i>electrónico</i>	<i>electrónica</i>
<i>electrotécnico</i>	<i>electrotécnica</i>

<i>emancipado</i>	<i>emancipada</i>	<i>enquisador</i>	<i>enquisadora</i>
<i>embaixador</i>	<i>embaixadora</i>	<i>ensaísta</i>	<i>ensaísta</i>
<i>embalador</i>	<i>embaladora</i>	<i>ensamblador</i>	<i>ensambladora</i>
<i>embalsamador</i>	<i>embalsamadora</i>	<i>ensinante</i>	<i>ensinante/ensinante</i>
<i>embarcador</i>	<i>embarcadora</i>	<i>entallador</i>	<i>entalladora</i>
<i>embargador</i>	<i>embargadora</i>	<i>enterrador</i>	<i>enterradora</i>
<i>embotellador</i>	<i>embotelladora</i>	<i>entrevistador</i>	<i>entrevistadora</i>
<i>embriólogo</i>	<i>embrióloga</i>	<i>envasador</i>	<i>envasadora</i>
<i>embuchador</i>	<i>embuchadora</i>	<i>enviado especial</i>	<i>enviada especial</i>
<i>embutidor</i>	<i>embutidora</i>	<i>enxeñeiro</i>	<i>enxeñeira</i>
<i>emérito</i>	<i>emérita</i>	<i>epidemiólogo</i>	<i>epidemióloga</i>
<i>emisario</i>	<i>emisaria</i>	<i>epigrafista</i>	<i>epigrafista</i>
<i>empacador</i>	<i>empacadora</i>	<i>equilibrista</i>	<i>equilibrista</i>
<i>empadroado</i>	<i>empadroada</i>	<i>ergónomo</i>	<i>ergónoma</i>
<i>empalmador</i>	<i>empalmadora</i>	<i>ergoterapeuta</i>	<i>ergoterapeuta</i>
<i>empapelador</i>	<i>empapeladora</i>	<i>escaiolista</i>	<i>escaiolista</i>
<i>empaquetador</i>	<i>empaquetadora</i>	<i>escalador</i>	<i>escaladora</i>
<i>empastador</i>	<i>empastadora</i>	<i>escaldador</i>	<i>escaldadora</i>
<i>empregado</i>	<i>empregada</i>	<i>escanciador</i>	<i>escanciadora</i>
<i>empregador</i>	<i>empregadora</i>	<i>escaparatista</i>	<i>escaparatista</i>
<i>emprendedor</i>	<i>emprendedora</i>	<i>escenógrafo</i>	<i>escenógrafa</i>
<i>empresario</i>	<i>empresaria</i>	<i>escolta</i>	<i>escolta</i>
<i>encadernador</i>	<i>encadernadora</i>	<i>escribidor</i>	<i>escribidora</i>
<i>encargado</i>	<i>encargada</i>	<i>escritor</i>	<i>escritora</i>
<i>encartuchador</i>	<i>encartuchadora</i>	<i>escrutador</i>	<i>escrutadora</i>
<i>encerador</i>	<i>enceradora</i>	<i>escultor</i>	<i>escultora</i>
<i>enciclopedista</i>	<i>enciclopedista</i>	<i>esfollador</i>	<i>esfolladora</i>
<i>encofrador</i>	<i>encofradora</i>	<i>esgrimista</i>	<i>esgrimista</i>
<i>encolador</i>	<i>encoladora</i>	<i>eslavista</i>	<i>eslavista</i>
<i>encadernador</i>	<i>encadernadora</i>	<i>esmaltador</i>	<i>esmaltadora</i>
<i>endocrinólogo</i>	<i>endocrinóloga</i>	<i>espadachín</i>	<i>espadachina</i>
<i>endodoncista</i>	<i>endodoncista</i>	<i>especialista</i>	<i>especialista</i>
<i>enfermeiro</i>	<i>enfermeira</i>	<i>especieiro</i>	<i>especieira</i>
<i>enfermo</i>	<i>enferma</i>	<i>espectador</i>	<i>espectadora</i>
<i>engraxador</i>	<i>engraxadora</i>	<i>espeleólogo</i>	<i>espeleóloga</i>
<i>enlatador</i>	<i>enlatadora</i>	<i>espía</i>	<i>espía</i>
<i>enólogo</i>	<i>enóloga</i>	<i>esquiador</i>	<i>esquiadora</i>

estampador estampadora
 estanqueiro estanqueira
 estatístico estatística
 estatutario estatutaria
 esteticista esteticista
 estibador estibadora
 estilista estilista
 estirador estiradora
 estomatólogo estomatóloga
 estucador estucadora
 estudante estudanta/estudiante
 etimólogo etimóloga
 etimoloxista etimoloxista
 etiquetador etiquetadora
 etnógrafo etnógrafa
 etnólogo etnóloga
 eurodeputado eurodeputada
 eventual eventual
 eviscerador evisceradora
 examinador examinadora
 excluído excluída
 executivo executiva
 exiptólogo exiptóloga
 expedidor expedidora
 expedientado expedientada
 expendedor expendedora
 experimentador experimentadora
 experto experta
 explorador exploradora
 explotador explotadora
 exportador exportadora
 extra extra

f

fabricante fabricanta/
 fabricante
 fabulista fabulista
 facturador facturadora
 facultativo facultativa
 fagotista fagotista
 faquir faquir
 faranduleiro faranduleira
 fareiro fareira
 fariñeiro fariñeira
 farmacéutico farmacéutica
 farmacólogo farmacóloga
 faroleiro faroleira
 fedatario fedataria
 federativo federativa
 feirante feirante
 feiticeiro feiticeira
 feirante feiranta/feirante
 ferrador ferradora
 ferreiro ferreira
 ferroviario ferroviaria
 fiador fiadora
 figurante figuranta
 filatélico filatélica
 filatelista filatelista
